

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 7 de xullo de 2009**

**ASISTENTES:**

**NON ASISTEN:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Francisco Xabier Alonso Pérez  
D. Santiago Domínguez Olveira  
D. Carlos López Font  
D. Eudocio Álvarez Álvarez  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Xosé Méndez Piñeiro  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz  
D. José Manuel Mariño Mendoza

D. Xulio Calviño Rodríguez

**Invitados:**

D<sup>a</sup> Laura López Atrio  
D. Angel Rivas González  
D. Xesús López Carreira  
D<sup>a</sup> Iolanda Veloso Ríos

D<sup>a</sup> Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup> María Jesús Lago Rey

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día sete de xullo de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. González Yebra-Pimentel..

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(926).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 15 de xuño de 2009 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(927).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE MÉDICOS DO MUNDO PARA REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE REDUCIÓN DO DANO EN MEDIO ABERTO. EXPTE. 40108/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 24.06.09, o informe de fiscalización, do 30.06.09, e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 4.06.09, conformado polo xefe da Área de Acción Social, e pola concelleira delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Prestar aprobación ao texto do convenio entre o Concello de Vigo e a entidade Médicos do Mundo, CIF G79408852, para a realización dun programa de redución do dano en medio aberto, con un centro de día para a inclusión social e una unidade de rúa, no ámbito territorial do entorno da rúa Pintor Colmeiro.

Aprobar o gasto por un importe total de 68.000€, para o ano 2009, con cargo á partida 4123.4890001 "Convenio educación de calle con Médicos do Mundo".

Vigo, de de 2009

*REUNIDOS*

*Dunha parte D<sup>a</sup> María Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.*

*Doutra, D<sup>a</sup> María de las Nieves Turienzo Río, en calidade de presidenta da sede autonómica da entidade MEDICOS DO MUNDO en Galicia, con NIF G79408852, e enderezo a efectos de notificación en Vigo, R/ Islas Baleares 15, baixo, e en representación desta segundo resulta dos seus estatutos, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revocadas*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a entidade Médicos do Mundo é unha organización non gubernamental (ONG) que traballa dende 1992 con colectivos en situación de exclusión social e, en Galicia, dende 1995 cun programa de achegamento (outreach) e de redución de danos para usuarios de drogas e persoas que exercen a prostitución.*

*Médicos do Mundo iniciou, en 2001, un proxecto de achegamento, redución de danos e sensibilización para usuarios de drogas no entorno da Unidade Asistencial de Drogodependencias "CEDRO". Posteriormente, e baseándose na experiencia de Médicos do Mundo noutras cidades do Estado, foise estruturando na cidade de Vigo o CEntro de REducción de DANos (CEREDA).*

*O CEREDA está concebido como un centro de atención sociosanitaria para usuarios de drogas, dentro da filosofía de redución de danos, na que teñen cabida todas as intervencións dirixidas a minimizar os danos asociados ao consumo de drogas, a disminuir a marxinalidade do colectivo -favorecendo a súa integración- e á prevención do VIH/SIDA e outras enfermidades transmisibles. A*

*estratexia de intervención do CEREDA é de “baixo umbral”, seguindo os principios de intervención humanitaria que moven a Médicos do Mundo en todas as súas áreas de traballo.*

*O programa CEREDA vai dirixido a persoas cun uso problemático de drogas, en grave situación de desarraigo e exclusión social, que viven na rúa, con alto nivel de cronicidade e exclusión e/o con problemas de saúde, que rechazan acceder a outros recursos. O seu obxectivo principal é facilitar a inclusión social das personas consumidoras de drogas involucrándolas no cuidado da súa propia saúde, facilitándolles o acceso a la rede sociosanitaria normalizada e reducindo os danos asociados ao consumo.*

*O CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo, está concebido como un recurso de atención e cuidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas. As intervencións desenvólvense dende un dispositivo fixo , denominado centro de calor e café, e dous dispositivos móbiles: un vehículo acondicionado para a nosa intervención e o equipo de rúa que se traslada a pé ás zonas quentes de consumo. A sala de calor e café abre as súas portas os luns, mércores e venres de 8:00 a 14:00, mentres que os martes e os xoves adícanse a traballo na rúa.*

*O interese para a cidade de Vigo dun programa destas características, a través dunha estratexia de redución de riscos e danos é que non solo posibilita unha mellora sociosanitaria da poboación obxeto de intervención, senon tamén do entorno sociocomunitario onde se ubica.*

*Os grandes pilares nos que se apóia este traballo son o traballo en rede, a coordinación interinstitucional, a intervención comunitaria e a implicación dos propios pares que traballan como axentes de saúde, así como das persoas voluntarias que participan desinteresadamente no programa.*

*As prestacións do CEREDA non pretenden substituír as da rede sanitaria e de servizos sociais públicos. Para iso, o traballo ten dúas vertientes, unha dirixida á propia rede, consistente na eliminación das trabas e barreiras que dificultan a accesibilidade ós recursos, e outra liña de intervención cos propios/as usuarios/as facilitándolles a información e o asesoramento necesario para poder acceder aos recursos.*

*Estes dispositivos son un recurso necesario na cidade de Vigo, xa que aínda queda un volume considerable de poboación subsidiaria da atención ofertada. O número de usuarios/as atendidos/as nos dispositivos do CEREDA durante 2008 foi de 447 persoas.*

*II.- Que o Concello de Vigo, segundo a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade vecinal. Entre as súas competencias, están a protección da salubridade pública, a participación na xestión da atención primaria de saúde, e a prestación dos servizos sociais de promoción e reinserción social, sendo competencia de obrigado exercizo para os concellos de máis de 20.000 habitantes.*

*A Lei 5/1997, de 2 de abril, da Administración Local de Galicia establece que os municipios exercerán competencias sobre a protección da saúde pública e prestación dos servizos sociais e de promoción e inserción social.*

*Na Orde de 25 de xaneiro de 2008, pola que se regulan os requisitos que deben cumprir os centros de inclusión e emerxencia social, recóllese a existencia de centros de atención social continuada e unidades de rúa*

*A Lei 2/1996, de 8 de maio, de Galicia sobre drogas recolle tamén as competencias das administracións locais, e os programas, medidas, e ámbitos de intervención, referidos á prevención, asistencia e incorporación social, na nosa Comunidade.*

*O Real Decreto 1911/1999, de 17 de decembro, polo que se aproba a estratexia nacional sobre drogas para o período 2000-2008, e o seu Plan de Acción 2005-2008, establecen que os concellos de máis de 25.000 habitantes deberán elaborar Plans Locais de Drogodependencias.*

*O Plan de Galicia sobre Drogas 2007-2009, en correspondencia co determinado no RD 1911/1999, establece un papel específico para as administracións locais para o desenvolvemento –entre outras- de políticas específicas de prevención de drogodependencias, fundamentalmente no ámbito comunitario, así como as orientadas a favorecer a integración social dos usuarios de drogas, e a coordinación de intervencións en materia de drogas realizadas a nivel local. Asimesmo, establece que as funcións sinaladas para a Administración local terán a súa articulación a través de, entre outros, plans municipais de drogodependencias -que deberán dispoñer de partidas e aplicacións orzamentarias propias, sen perxuício do financiamento que poidan recibir a través dos convenios de colaboración que establezan coa Consellería de Sanidade e outras administracións, para a execución das medidas recollidas nos respectivos plans municipais-, programación centrada na prevención e incorporación social, e apoio e coordinación coas ONGs da súa zona de influencia.*

*A carteira de servizos en materia de prevención do Plan de Galicia sobre Drogas contempla a execución de programas de redución de danos e prevención indicada para drogodependentes, e especificamente os dirixidos á intervención precoz con drogodependentes en situación de emerxencia social.*

*O Concello de Vigo ven desenvolvendo desde 1984 una política activa de intervención en drogodependencias nos ámbitos de prevención, asistencia e incorporación social, para o cal ten subscritos convenios de cooperación coa Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde, para a realización de programas de prevención, servizos asistenciais e de incorporación social. Estes programas véñense executando mediante recursos propios e convenios con entidades locais.*

*No Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións (PLDA) de Vigo propóñense os obxectivos e estratexias de intervención no ámbito das condutas adictivas e da súa problemática asociada, a nivel local, entre os que se sinala a promoción dos programas de urxencia, redución de danos, e de intervención en rúa, e dos programas de axentes de saúde entre iguais, para atender aos colectivos máis desfavorecidos.*

*O PLDA establece que os instrumentos para o seu desenvolvemento son, entre outros, o Servizo de Benestar Social, CEDRO, a oficina técnica municipal do PLDA, o convenio coa Consellería de Sanidade, e a coordinación e colaboración coas entidades (asociacións, fundacións, ONGs) adheridas o PLDA.*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 4123 4890001, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 68.000 €, a favor da asociación Médicos do Mundo.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervincentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o cofinanciamento da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo, un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas, mediante intervencións desenvolvidas dende un dispositivo denominado centro de calor e café e dous dispositivos móbiles: un vehículo acondicionado e un equipo de rúa.*

V.- Que a entidade Médicos do Mundo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ó interese social que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Médicos do Mundo, o Concello de Vigo e a dita entidade Médicos do Mundo convenian a súa colaboración no ámbito da redución de danos e prevención indicada para drogodependentes e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

#### PACTOS

##### Primeiro.-

A entidade Médicos do Mundo comprométese a colaborar coa Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo en canto a realización da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo, un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar, dirixido a reducir os riscos e danos derivados do consumo de drogas, mediante intervencións desenvolvidas dende un dispositivo denominado centro de calor e café e dous dispositivos móbiles: un vehículo acondicionado e un equipo de rúa, e, concretamente, a:

- Realizar a contratación de persoal técnico, segundo táboa de anexo 1, para execución da actividade asistencial
- Asumir a xestión xeral do programa
- Contribuir o custo restante do programa, relativo ós recursos materiais e outros gastos, segundo anexo 1.
- Cumprir as directrices técnicas do Plan de Galicia sobre Drogas e do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adicións de Vigo, e colaborar na súa estrutura participativa.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

##### Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á entidade MÉDICOS DO MUNDO, unha subvención para o exercicio 2009 por importe de 68.000 euros co obxecto de coadxuvar á financiación da actividade do CEREDA de Médicos do Mundo en Vigo, un recurso de atención e coidados mínimos de carácter interdisciplinar.

##### Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.-*

*Polo período de vixencia do convenio, o Excmo. Concello de Vigo, aportará a cantidade de 68.000€ con cargo ao programa de gastos 4123, partida 4890001, do vixente exercicio presupuestario*

*Os pagamentos efectuaráanse do seguinte xeito:*

- 50% da cantidade anual, á sinatura do convenio. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, condidérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.*
- 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.*

*Quinto.-*

*Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos*

*Sexto.-*

*No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión da actividades deberá dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Benestar Social, e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa da Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias da Consellería de Sanidade, do Plan Local de Drogodependencias e outras Adicións de Vigo, e da Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo.*

Sétimo.-

*Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión creárase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas de Médicos do Mundo e dous técnicos deste Concello, presidida pola Concelleira responsable dos Servicios Sociais ou persoa en quen delegue.*

Oitavo.-

*A entidade Médicos do Mundo comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo facéndose responsables dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.*

Noveno.-

*A entidade Médicos do Mundo poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que esto supoña relación laboral destas persoas co Concello.*

Décimo.-

*A entidade Médicos do Mundo comprométese a presentar antes do día 31 de xaneiro de 2010, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino aos Servizos Sociais.*

*A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.*

*Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:*

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas*
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*
  - 1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
  - 2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das cuotas da Seguridade Social.*

3. *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
4. *Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

*Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.*

*Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*

*Que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Décimo primeiro.-*

*Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Décimo segundo.-*

*Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2009.*

*Décimo terceiro.-*

*A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Benestar Social . O responsable técnico do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.-*



*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo quinto.-*

*Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución siñificativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo sexto.-*

*Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo sétimo.-*

*A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.*

*Décimo oitavo.-*

*A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.*

**3(928).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN E PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE PERSOAS SORDAS DE VIGO PARA A DISPONIBILIDADE DUN INTÉRPRETE DE LINGUA DE SIGNOS. EXPTE. 45208/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes xurídicos do 19 e 22 de xuño de 2009, o informe de fiscalización do 25.06.09, e de acordo co informe-proposta da traballadora social, do 29.05.09, conformado polo xefe e pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prestar aprobación ao texto do convenio entre o Excmo. Concello de Vigo e a Asociación de Persoas Xordas de Vigo, CIF G-36.622.835 para poñer á disposición das persoas xordas un intérprete de lingua de signos.

2º.- Aprobar o gasto por un importe total de 20.000€ euros, con cargo á partida 3130.4890002 –“Covenio programa xordos”.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE VIGO*

Vigo, de de 2009

*REUNIDOS*

*Dunha parte Dª Maria Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.*

*Doutra parte, D. Miguel Ángel González Lloves, con DNI.:36.024.981-N, en calidade de Presidente da Asociación de Persoas Xordas de Vigo NIF G36622835, con enderezo a efectos de notificación en R/ Gregorio Espino, 38, entrechán, de Vigo. e en representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que dita representación non lle foi revocada.*

*Tendo daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I- Que a Asociación de Persoas Xordas de Vigo ten, entre os seus fins, e así o reflicten os seus estatutos, “traballar para conseguir o recoñecemento legal e social adecuado para a lingua de signos e impulsar a súa investigación e difusión”; “fomentar a autonomía e a independencia das persoas xordas e a eliminación das barreiras de comunicación ...”, así como “potenciar e dar continuidade aos servizos de intérpretes de lingua de signos en todos os ámbitos da vida social e velar pola adecuada formación das persoas intérpretes”.*

*Estas barreiras non poderán ser superadas sen a posta en marcha de actuacións específicas que teñan como obxectivo a integración do colectivo de persoas xordas.*

*II- O Concello de Vigo e coñecedor da existencia dun colectivo de persoas que teñen a necesidade de acudir a este recurso.*

*A Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade vecinal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais, sendo competencia de obrigado exercicio nos de poboación superior a 20.000 habitantes.*

*A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no art. 2 pto. 3 dí que os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei. No art. 31 Fomento da iniciativa social pto.1 dí: O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxetivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais. O art. 31 pto.2 dí : Nos termos establecidos na normativa reguladora de subvencións e, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse suscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.*

*Segundo o art. 29 da Lei 8/97 de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, as administracións públicas galegas deberán promover a supresión de barreiras na comunicación e o establecemento dos mecanismos e alternativas técnicas que fagan accesibles os sistemas de comunicación e sinalización a toda a poboación. Así mesmo no Capítulo IV do Regulamento de desenvolvemento e execución da citada Lei de accesibilidade (Decreto 35/2000), no seu art. 54 faise referencia ós criterios de accesibilidade na comunicación que se establecen e que aparecen citados na base 7 do código de accesibilidade (anexo I do citado regulamento).*

*O mesmo artigo 29.2 da citada Lei 8/97, dispón que as administracións públicas galegas fomentarán a formación de profesionais intérpretes da lingua de signos e guías de xordos-cegos, facilitando así a comunicación directa ó discapacitado auditivo ou xordo-cego, e a existencia nas distintas administracións públicas deste persoal especializado.*

*Que os Concellos, como entes locais, en virtude do disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local, ou no artigo 21 da Lei Galega de Servizos Sociais, teñen competencias nesta materia e por conseguinte iniciativa propia, no eido dos servizos sociais e da promoción e reinserción social.*

*Así no Concello de Vigo creouse o Gabinete de Accesibilidade como órgano consultivo encargado de garantir o cumprimento da normativa en materia de accesibilidade e supresión de barreiras arqui-*

*tectónicas no concello, propoñer a introducción das melloras que sexan necesarias en cada momento, declarar de se-lo caso a imposibilidade da observancia dalgún dos criterios básicos previstos na mesma e, en xeral, cantas outras incidan directa ou indirectamente na materia obxecto de regulación municipal. Así mesmo, dentro dos seus obxectivos está o de iniciar un proceso sistemático e coordinado para facer real o dereito ó goce da cidade para o amplo colectivo que representan as persoas con algunha discapacidade física, psíquica ou sensorial, entre os que se atopan os discapacitados auditivos.*

*Que basandose na antedita normativa, o Concello de Vigo quere realizar unha serie de actuacións encamiñadas a eliminar no posible, as barreiras que dificultan a igualdade na calidade de vida das persoas xordas con respecto ao resto dos cidadáns vigueses.*

*A subvención que se propón está prevista no orzamento de Benestar Social polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 38/2003. A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.*

*III- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinetes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é ofrecer a tódolos discapacitados auditivos do municipio de Vigo, a posibilidade de contar cun profesional intérprete da lingua de signos.*

*IV- Que a Asociación de Persoas Xordas de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables que figuran no expediente.*

*En base ás precedentes consideracións e ao interese social que para a cidade de Vigo representa a actividade da Asociación de Persoas Xordas de Vigo, o Concello de Vigo e a dita entidade convenian a súa colaboración no ámbito social e a concesión da referida subvención en base os seguintes:*

## **P A C T O S**

*Primeiro.-*

*A entidade Asociación de persoas xordas de Vigo comprométese a colaborar coa Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo para a realización de actividades que faciliten a comunicación directa ós discapacitados auditivos, e concretamente a:*

*1.- A posta a disposición dos discapacitados auditivos do municipio de Vigo dun intérprete da lingua de signos, coa finalidade de ofrecerlles a posibilidade de contar cun profesional que cubra todos aqueles servizos tales como reunións, despachos profesionais, comparecencias en tribunais, consultas médicas, conferencias e cursos, estes últimos organizados polo Concello de Vigo e/ou a Asociación de Persoas Xordas.*

2.- A contratación dos servizos do profesional intérprete da lingua de signos, a organización e planificación do traballo que vai desempeñar, así como a avaliación e cantas outras acción sexan precisas para a realización desta actividade.

3.- A que os servizos a realizar polo profesional intérprete da lingua de signos se desenvolvan seguindo o sistema de “chamada previa”, é dicir, aquelas persoas que necesiten os servizos do intérprete, deberán chamar con antelación á Asociación de Persoas Xordas de Vigo comunicando os datos persoais, data, lugar e materia para a que se require o servizo. Deberá terse en conta que non tódalas demandas poderán ser cubertas na súa totalidade, sobre todo en cánto o horario se refire, xa que a unha hora determinada pode encontrarse o intérprete realizando outro servizo. Cando se trate de conferencias, relatorios ou similares, a organización do evento, respectará e facilitará as condicións da sala, a ubicación do intérprete e os descansos periódicos (de 5 a 10 minutos por cada 30 minutos de interpretación realizada), atendendo sempre as peticións formuladas polo profesional intérprete de lingua de signos para favorecer a recepción e a calidade da mensaxe, e ademais facilitará sempre, e como mínimo cunha semana de antelación, un resumo ou copia da ponencia a impartir. O horario de prestación de servizos será tan flexible coma sexa posible, instaurándose a realización de corenta horas semanais organizándoas dende a Asociación de Persoas Xordas como mellor conveña para os intereses das persoas que requiran o servizo.

O código deontolóxico da profesión de intérprete de lingua de signos garante a confidencialidade, a fidelidade na comunicación e a obxectividade do seu traballo. As condicións nas que se desenvolverán os servizos deben ser claras e explícitas, coñecidas e aceptadas por ámbalas partes.

O servizo será totalmente gratuíto para os usuarios do mesmo.

En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiaris das subvencións no artigo 11 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Segundo.-

O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

Conceder directamente á Asociación de persoas xordas de Vigo dunha subvención para o exercicio 2009 por importe de 20.000 euros co obxecto da posta a disposición dos discapacitados auditivos do municipio de Vigo dun intérprete da lingua de signos.

#### Terceiro.-

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.-

*Polo período de vixencia do convenio, o Exmo. Concello de Vigo, aportará a cantidade de 20.000€ con cargo a partida 3130 4890002, do vixente exercicio presupuestario*

*Os pagamentos efectuaránse do seguinte xeito:*

*1. 50% da cantidade anual, á sinatura do convenio. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.*

*2. 50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.*

Quinto.-

*Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos*

Sexto.-

*O Concello de Vigo resérvase exclusivamente a formulación de todo tipo de publicidade e información nos medios de comunicación social das actividades obxecto deste convenio*

Sétimo.-

*Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de Seguimento, composta por dous representantes por cada parte asinante, que serán:*

*- Pola Asociación de Persoas Xordas de Vigo:*

*◆ Miguel Ángel González Lloves  
Presidente da Asociación de Persoas Xordas*

*◆ M<sup>a</sup> Carmen González Lloves  
Técnica da Asociación de Persoas Xordas*

*- Polo Concello de Vigo:*

*◆ A Concelleira-Delegada da Área de Benestar Social., ou persoa en quen delegue*

- ◆ *Unha técnica do departamento de Benestar Social encargada do programa.*

Oitavo.-

*A Asociación de persoas xordas de Vigo poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que esto supoña relación laboral destas persoas co Concello*

Noveno.-

*A Asociación de persoas xordas de Vigo comprométese a presentar antes do día 31 de xaneiro de 2010, xustificación do cumprimento do convenio no Rexistro Xeral do Concello, con destino aos Servizos Sociais.*

*A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.*

*Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:*

- *Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas*
- *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*
  1. *Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
  2. *Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das cuotas da Seguridade Social.*
  3. *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
  4. *Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

*Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.*

*Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*

*Que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD*

1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.-

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.-

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2009.

Décimo segundo.-

A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Benestar Social . O responsable técnico do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.-

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.-

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinifiativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.-

Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.



Décimo sexto.-

*A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.*

Décimo sétimo.-

*A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.*

**4(929).- RECTIFICACIÓN DE ACORDO E RESOLUCIÓN DE RECURSOS SOBRE O OUTORGAMENTO DE AXUDAS DA CONVOCATORIA DE BONO-TAXIS 2009. EXPTE. 39861/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da traballadora social, do 9.06.09, conformado polo xefe e a concelleira-delegada da Área de Benestar Social, que di o seguinte:

*Tramitado o correspondente expediente de convocatoria de subvencións en réxime de avaliación individualizada destinadas a proporcionar, mediante a utilización de bonno-taxi, un medio alternativo de transporte adaptado a persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade, resultan os seguintes feitos:*

*Primeiro.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23 de febreiro de 2009 (BOP nº 40 de 27/02/2009), convócanse subvencións en réxime de avaliación individualizada destinadas a proporcionar, mediante a utilización de bonno-taxi, un medio alternativo de transporte adaptado a persoas afectadas por graves discapacidades na súa mobilidade. Ditas subvencións resolvense na sesión de data 24 de abril de 2009.*

*Segundo.- Tramitados os expedientes conforme ó disposto nas bases da convocatoria, pola Comisión de valoración designada ao efecto, elevouse proposta de resolución, achegando a acta da citada Comisión de data 14 de abril de 2009, e data 3 de xuño de 2009, na que se detallan as distintas propostas de concesión e denegación.*

Terceiro.- Que existe crédito adecuado e suficiente, na aplicación orzamentaria 3130.4800011 “Subvencións taxis discapacitados”, no vixente orzamento de gastos de Benestar Social, por un total de 72.000,00 euros, número de documento contable RC 200900008014.

Cuarto.- As citadas entidades presentaron declaración responsable ante o Departamento de Benestar Social de estar ó corrente de cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social. A dita declaración substitúe a presentación das certificacións correspondentes, toda vez que as subvencións concedidas están destinadas a financiar proxectos ou programas de acción social, utilizándose, polo tanto a simplificación na acreditación, segundo establece o artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 24 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións. Así mesmo que reúnen o resto dos requisitos para obter a condición de beneficiario das subvencións establecidos na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Rectificar o acordo adoptado na sesión que tivo lugar o día 24 de abril de 2009, onde resolve as axudas da convocatoria de bono-taxi, acordando no apartado número dous desestimar a subvención ás persoas que a continuación se relacionan por non cumprir os requisitos establecidos nas bases de:

Nº ORDEN	APELIDO1	APELIDO2	NOME	DNI	MOTIVOS
1	ABOY	LOUREIRO	ALEJANDRA	53179948S	SOLICITUDE FORA DE PRAZO
2	CAMIÑA	OLIVEIRA	JOSE RAMON	36051620V	SOLICITUDE FORA DE PRAZO
3	CARDALDA	ROJO	FRANCISCO	35830413R	FALTA CERTIFICADO DE MINUSVALIA
4	CASTRO	PARDEIRO	ENRIQUETA LUISA	35919583T	FALTA CERTIFICADO DE MINUSVALIA
5	DOMINGUEZ	GREGORIO	ROSARIO	36001447F	SOLICITUDE FORA DE PRAZO
6	FERNANDEZ	OTERO	MARTA		SOLICITUDE FORA DE PRAZO
7	GARCIA	GAMALLO	M ESTHER	36176203Z	SOLICITUDE FORA DE PRAZO
8	MONTENEGRO	MARTINEZ	LUIS	35948858L	CERTIFICADO MINUSVALIA SEN PROBLEMAS MOBILIDADE
9	PEREIRA	GROSSI	ANDREA M	36146312H	FALTA CERTIFICADO DE MINUSVALIA
10	PEREZ	SANCHEZ	JOAQUINA	02449683E	FALTA CERTIFICADO DE MINUSVALIA
11	ROCA	FERNANDEZ	CLEMENTINA	34601953V	FALTA CERTIFICADO DE MINUSVALIA
12	ROMAN	COMESAÑA	LUZ DIVINA	36022627G	CERTIFICADO MINUSVALIA SEN PROBLEMAS MOBILIDADE

Xa que, comprobados algúns erros na transcripción dos motivos de denegación, devandito acordo, debe resolverse como a continuación se indica:

Nº ORDEN	APELIDO1	APELIDO2	NOME	DNI	MOTIVOS
----------	----------	----------	------	-----	---------

1	ABOY	LOUREIRO	ALEJANDRA	53179948S	SOLICITUDE FORA DE PRAZO
2	CAMIÑA	OLIVEIRA	JOSE RAMON	36051620V	SOLICITUDE FORA DE PRAZO
3	CARDALDA	ROJO	FRANCISCO	35830413R	FALTA CERTIFICADO DE MINUSVALIA
4	CASTRO	PARDEIRO	ENRIQUETA LUISA	35919583T	SOLICITUDE FORA DE PRAZO
5	DOMINGUEZ	GREGORIO	ROSARIO	36001447F	SOLICITUDE FORA DE PRAZO
6	FERNANDEZ	OTERO	MARTA		SOLICITUDE FORA DE PRAZO
7	GARCIA	GAMALLO	M ESTHER	36176203Z	CERTIFICADO MINUSVALIA SEN PROBLEMAS MOBILIDADE
8	MONTENEGRO	MARTINEZ	LUIS	35948858L	FALTA CERTIFICADO DE MINUSVALIA
9	PEREIRA	GROSSI	ANDREA M	36146312H	SOLICITUDE FORA DE PRAZO
10	PEREZ	SANCHEZ	JOAQUINA	02449683E	FALTA CERTIFICADO DE MINUSVALIA
11	ROCA	FERNANDEZ	CLEMENTINA	34601953V	SOLICITUDE FORA DE PRAZO
12	ROMAN	COMESAÑA	LUZ DIVINA	36022627G	CERTIFICADO MINUSVALIA SEN PROBLEMAS MOBILIDADE

2º.- Resolver os recursos interpostos por dona Enriqueta Luisa Castro Pardeiro, a cal presentou no Rexistro Xeral deste Concello con data 20/05/2009 e documento nº 90075935 unha reclamación pola desestimación da axuda; e dona Clementina Roca Fernández, quen tamén presentou no Rexistro Xeral deste Concello con data 28/05/2009 e documento nº 90080069 unha reclamación pola desestimación da subvención.

Una vez estudiadas devanditas reclamacións pola Comisión de valoración das Axudas de bono –taxi proponse:

- Estimar a reclamación presentada por Dona Enriqueta Luisa Castro Pardeiro, e conceder a subvención de bono-taxi , con cargo á mesma partida do vixente orzamento.
- Desestimar o recurso interposto por Dona Clementina Roca Fernández, por non cumprir os requisitos establecidos nas Bases publicadas no boletín Oficial da Provincia.

3º.- Conceder con cargo a partida 3130 RC 2009.00008014, a subvención de bono-taxi 2009, ás persoas que a continuación se detallan e polo importe que se indica:

Nº ORDEN	APELIDO 1	APELIDO2	NOME	DNI	IMPORTE
1	PEREZ	GARCIA	ALEJANDRO ANGEL	35875872N	450€
2	VIQUEIRA	REY	JOSE M	36056056Z	450€
3	CASTRO	PARDEIRO	ENRIQUETA LUISA	35919583T	450€

*As cales, procede a súa concesión, na nº 1 e 2 dado que os motivos polos que quedaron pendentes de resolución na XGL de data 24/04/09, xa foi solventado; e na nº 3 por ser estimada a súa reclamación.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(930).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN E PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS EN GALICIA”. EXPTE. 40926/301.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 24.06.09, o informe de fiscalización do 1.07.09, e de acordo co informe-proposta da traballadora social, do 14.05.09, conformado polo xefe e pola concelleira delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a concesión dunha subvención directa á Asociación de Familiares de Enfermos de alzheimer e outras demencias de Galicia, con CIF G-36776920 por un importe total de 20.000 euros, con cargo á partida 3130.4890010 –Convenio AFAGA-.

2º.- Prestar aprobación ao texto do convenio de colaboración entre o Exmo. Concello de Vigo e a Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias de Galicia, de compromiso de dez prazas para enfermos de alzheimer e dez prazas para familiares empadroados no Concello de Vigo, nos talleres que se desenvolvan dentro do programa “Obradoiros Paralelos”, sen custo algún para os beneficiarios que serán derivados polo departamento de Benestar Social.

3º.- Aprobar o gasto total de 20.000 euros a favor da Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e Outras Demencias de Galicia con cargo á partida 3130.4980010 – Convenio AFAGA.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE ENFERMOS DE ALZHEIMER E OUTRAS DEMENCIAS DE GALICIA”*

Vigo, \_\_\_\_de \_\_\_\_\_de 2009

**REUNIDOS**

*Dunha parte Dª María Xosé Méndez Piñeiro en calidade de Concelleira Delegada da Área de Benestar Social do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto de Alcaldía sobre Delegación de atribucións de data 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 16 de xullo de 2007.*

*Doutra parte Don Juan Carlos Rodríguez Bernardez, DNI 36073858Z, en calidade de Presidente da Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer de Galicia (AFAGA), CIF G-36776920, con*

enderezo, a efectos de notificación, na rúa Oliva, 12-2º Of. E, e en representación desta segundo resulta dos seus estatutos, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas

Tendo daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

#### MANIFESTAN

I.- Que a “Asociación de familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias de Galicia “AFAGA” e unha entidade colaboradora do departamento de Benestar Social dende hai anos, e entre os seus fins está prestar atención social específica aos enfermos/as e familiares dos mesmos, xa que segundo di nos seus estatutos, os obxectivos da asociación son entre outros: prestar a asistencia psicolóxica e moral aos familiares dos afectados da enfermidade, asesorar aos familiares en materias legais, sociolóxicas e económicas, facilitar, mellorar e controlar a asistencia dos enfermos para mellorar no posible a calidade de vida. Enténdese o alzheimer como un conxunto de síntomas derivados dunha enfermidade cerebral dexenerativa que se manifesta nunha progresiva perda de memoria, da linguaxe e do xuízo. Descoñécense as causas e non existe tratamento para a súa cura. A finalidade deste convenio consiste na subvención de prazas nos talleres ocupacionais dos que dispón a asociación no seu programa “Obradoiros Paralelos”. En concreto subvencionaranse dez prazas no programa de “Obradoiros Paralelos” sen cargo algún para os beneficiarios que serán derivados polo departamento de Benestar Social seguindo o criterio de que non teñan gravemente afectada a súa capacidade motora e poidan, polo tanto, ser obxecto de estimulación, e dez prazas para apoio aos seus familiares.

II.- O Concello de Vigo e coñecedor da existencia dun colectivo de persoas que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais, este recurso e un complemento dos recursos de servizos sociais de que dispón o Concello.

A Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases do Réxime Local establece no seu art. 25.1 que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal. Asemade no seu art. 25.2 K expresa que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e reinserción social. Tamén o art. 26.1 establece que os municipios por si ou asociados deberán prestar os servizos sociais (os de poboación superior a 20.000 habitantes).

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia no art. 2 pto. 3 dí que os poderes públicos fomentarán, así mesmo, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei. No art. 31 Fomento da iniciativa social pto. 1 dí : O cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ao interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ao carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxetivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais. O art. 31 pto.2 dí : Nos termos establecidos na normativa reguladora de subvencións e, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións , por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse suscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando

*por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos sevizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.*

*A subvención que se propón está prevista no orzamento de Benestar Social polo que ten a consideración de subvención directa segundo o artigo 28 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e 26 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión, motivacións necesarias, así mesmo, para utilizar o procedemento de concesión directa do artigo 19.4 da Lei 38/2003. A concesión da subvención artículase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescripcións que sinala a Base 40 das de Execución do Orzamento; competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.*

*III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida “Convenio AFAGA” 3130 4890010, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 20.000€, a favor da Asociación AFAGA.*

*IV- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinentes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a subvención de prazas nos talleres ocupacionais dos que dispón a asociación no seu programa “Obradoiros Paralelos”. En concreto subvencionaranse dez prazas no programa de “Obradoiros Paralelos” sen cargo algún para os beneficiarios que serán derivados polo departamento de Benestar Social seguindo o criterio de que non teñan gravemente afectada a súa capacidade motora e poidan, polo tanto, ser obxecto de estimulación, e dez prazas para apoio aos seus familiares.*

*V- Que a entidade “AFAGA” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables que figuran no expediente.*

*Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social, que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade AFAGA, o Concello de Vigo e a dita asociación AFAGA, convenian a súa colaboración no ámbito social e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.*

## **P A C T O S**

### Primeiro.-

*A entidade AFAGA comprométese a colaborar coa Concellería de Benestar Social do Concello de Vigo co programa de “Obradoiros Paralelos”, e concretamente a:*

*Levar a cabo o programa “Obradoiros Paralelos” dirixido aos enfermos/as de alzheimer ou outra demencia neurodexenerativa así como a familiares dos enfermos que asisten aos obradoiros de estimulación cognitiva. Os obradoiros van dirixidos a:*

- Traballar aspectos cognitivos (orientación temporo-espacial, memoria, linguaxe,...)
- Traballar aspectos funcionais (actividades básicas da vida diaria, motricidade, ...)
- Proporcionar apoio emocional aos familiares dos asistentes aos obradoiros
- Procurar para os familiares un tempo de descanso con actividades lúdicas
- Dotar de coñecementos prácticos aos familiares en relación á atención e coidados dos enfermos con demencia.

*Aceptar ós dez beneficiarios que serán derivados polo departamento de Benestar Social seguindo o criterio de que non teñan gravemente afectada a súa capacidade motora e poidan, polo tanto, ser obxecto de estimulación, e dez prazas para apoio aos seus familiares.*

*Que os obradoiros sean impartidos por técnicos especialistas na materia.*

*En xeral, cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiaris das subvencións no artigo 11 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

Segundo.-

*O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

*Conceder directamente á entidade “AFAGA” unha subvención para o exercicio 2009 por importe de 20.000 euros co obxecto de cubrir o coste de dez prazas para enfermos de alzheimer no programa “Obradoiros Paralelos” e dez prazas para apoio aos seus familiares.*

Terceiro.-

*Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calqueira outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.*

Cuarto.-

*Para o pactado no presente convenio, o Concello, aportará a cantidade de 20.000 euros. con cargo ao programa de gastos 3130, partida 4890010, do vixente exercicio presupuestario*

*Os pagamentos efectuaránse do seguinte xeito:*

- *50% da cantidade anual, á sinatura do convenio. Ao concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determina a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus*

*proprios medios a actividade subvencionada, condidérase necesario conveniar un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, do Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxecto e programas de acción social quedan exoneradas da constitución de garantías.*

- *50% restante unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 31 de decembro, mediante facturas orixinais ou demais documentos acreditativos dos gastos e memoria anual, coa preceptiva certificación do cumprimento do convenio asinada pola funcionaria responsable do programa.*

Quinto.-

*Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

Sexto.-

*No caso de que a entidade beneficiaria faga algún tipo de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Benestar Social.*

Sétimo.-

*Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión creárase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias, e estará composta por dúas persoas de AFAGA e dous técnicos deste Concello, presidida polo/a Concelleiro/a responsable dos Servicios Sociais.*

Oitavo.-

*A entidade AFAGA comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitarias e de seguridade para os/as usuarios/as do servizo facéndose responsables dos danos e prexuízos que se poidan derivar do seu incumprimento.*

Noveno.-

*A entidade AFAGA poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a consecución dos seus fins, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña relación laboral destas persoas co Concello.*

Décimo.-

*Para a xustificación convenio, a beneficiaria, antes do 31 de xaneiro de 2010 deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados; os xustificantes de pago dos gastos*



*efectuados con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e 28 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do Real Decreto 887/2006 do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos efectuados.*

*Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:*

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas*
- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:*
  - 3. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e data de emisión.*
  - 4. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC 2 como documentos acreditativos do pago das cuotas da Seguridade Social.*
  - 5. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
  - 6. Unha declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*

*Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron a actividades subvencionada.*

*Que foron abonadas aos seus expedidores ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*

*Que se atopa ao corrente das súas obrigas fiscais e coa Seguridade Social, ós efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estam-*

*pillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Décimo primeiro.-*

*Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Décimo segundo.-*

*Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen durante o ano 2009 para o primeiro ano de vixencia do convenio. Para o ano 2010 serán gastos subvencionables os que respondan a natureza da actividade e se realicen dentro de ese ano.*

*Décimo terceiro.-*

*A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Benestar Social . O responsable técnico do programa emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo cuarto.-*

*A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Benestar Social e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo quinto.-*

*Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución sinifiativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo sexto.-*

*Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.*

*Décimo sétimo.-*

*A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subven-*

*cionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Benestar Social.*

*Décimo oitavo.-*

*A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data indicado no encabezamento.*

**6(931).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 11/1897, 4/348, 2/2096, 4/2431, 23/2461, e CENTRO DE DÍA, EXPTE. 3/2334.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes da traballadora social, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a:

- D. Jesús Otero Vázquez. Expte. 23/2461.
- D. Juan G. Arango Davila. Expte. 2431/04.
- D<sup>a</sup>. Francisca Rodríguez Enriquez. Expte. 2096/02.
- D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Rosario Hermida Fernández. Expte. 348/04.
- D. José Carnero Iglesias. Expte. 11/1897.

2º.- Conceder o Servizo de Centro de Día para persoas maiores a D. Jesús Iglesias de la Fuente. Expte. 2334/03.

**7(932).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COORDINACIÓN E SUPERVISIÓN DAS OBRAS NO CASCO VELLO CONTRATADAS CON CARGO AO FEIL. EXPTE. 4861/307.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 26.06.09, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio Histórico, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo gasto de 60.000 euros para a contratación do servizo de coordinación e supervisión das obras no casco vello que se imputarán a partida 4531.227.06.06 do presuposto do ano 2009.

2º Aproba-lo expediente para a contratación do servizo de coordinación e supervisión das obras no casco vello que contén o prego de prescripcóns técnicas particulares de 21.05.2009 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento negociado sen publicidade de data 12-05-2009.

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista mediante a consulta con alomenos tres empresarios capacitados para a execución do contrato.

#### **8(933).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de fiscalización e de acordo cos informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda :

A) Devolver a INDEZA S.L. as garantías por importe de 29.656,10 €, 5.899,31 € e 2.773, 04 € para responder das “obras na Travesía de Vigo”, xa que foron recibidas por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2643/241.

B) Devolver a NEUMÁTICOS BERBÉS S.L. a fianza por importe de 1.396,98 € constituída para responder da 2subministración de rodas para o Parque Móbil”, xa que foron recibidas por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2751/241.

C) Devolver a PETTRA S.L. a fianza de 6.120 € constituída para responder da “redacción de proxecto de remodelación de Elduayen e Paseo de Alfonso” xa que foi recibido mediante acta de 29.12.08 por executarse conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 2779/241.

#### **9(934).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á CONCELLERÍA DE DEPORTES PARA ORGANIZARA A V EDICIÓN 24 HORAS DE PETANCA OS DÍAS 17, 18 E 19 DE XULLO DE 2009. EXPTE. 8727/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 30.07.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Concellería de Deportes a organizar os vindeiros días 17, 18 e 19 de xullo de 2009, a V edición 24 HORAS DE PETANCA do Club, dita proba se desenvolverá no Parque das Coutadas (Teis).

**10(935).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Ó CLUB CICLISTA MEIXOEIRO PARA ORGANIZAR O XXI GRAN PREMIO CICLISTA MEIXOEIRO O DÍA 18.07.09. EXPTE. 8687/333**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 17.06.09, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Meixoeiro a organizar o vindeiro sábado 18 de xullo de 2009, o XXI GRAN PREMIO CICLISTA MEIXOEIRO, dita proba comezará ás 17.30 horas e rematará ás 19.30 horas, tendo o circuíto programado polo Barrio do Meixoeiro, Avda. De Madrid (vella), Camiño Tixolo e Camiño do Meixoeiro.

**11(936).- PROPOSTA PARA INCREMENTO DA ACHEGA ECONÓMICA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE (VIDE) PARA A ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DO MUNDO. EXPTE. 8455/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informe xurídico do 26.06.09, o informe de fiscalización do 30.06.09, dáse conta do informe-proposta do director deportivo e coordinador xeral da Tenencia de Alcaldía, de data 22.06.09, conformado polo concelleiro delegado de Deportes, que di o seguinte:

*1.- Antecedentes:*

*Con data 6/04/2009, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de Convenio coa Fundación VIDE para a organización do campionato do mundo de Hockey a Patíns.*

*O obxecto principal deste convenio centrase na encomenda da xestión das tarefas de organización a Fundación VIDE, a cal non percibirá cantidade algunha en concepto de prezo polas actividades que desenvolverá en virtude deste convenio, destinándose as cantidades que por este convenio se compromete a achegar o Concello de Vigo, exclusivamente a sufragar os gastos directamente relacionados coa organización do Campionato do Mundo de Hoquei a Patíns.*

*A vixencia deste convenio comprende o periodo de vixencia do actual proxecto “Mundial de Hoquei a patíns 2009 que debe celebrarse na primeira quincena do mes de xullo de 2009, polo tanto este convenio popoñe extender a súa vixencia dende a sinatura do mesmo ata un máximo de 3 meses posteriores a finalización do Campionato do Mundo.*

*En base temas expostos, ou Concello de Vigo, como institución a cal foi adxudicada a realización do Mundial de Hoquei sobre patíns 2009, propoñe o desenvolvemento deste convenio de colaboración para executar a encomenda de xestión a Fundación VIDE da execución das tarefas e competencias vinculadas o Concello de Vigo para o desenvolvemento da organización do Campionato do Mundo de Hoquei a Patíns do ano 2009.*

*En base a este convenio o Concello de Vigo, aprobouse unha achega, por parte do concello de Vigo á Fundación VIDE, da cantidade de 200.000,00 €, como aportación establecida polo Concello de Vigo no proxecto de orzamento do Mundial aprobado polo Comité Organizador, para a execución das obrigas derivadas deste campionato en Vigo, cantidade que será aportada a Fundación VIDE en base as condicións establecidas no convenio que contén o presente convenio.*

*Consonte co establecido na prescrición Quinta no seu punto cuarto, o Concello de Vigo poderá aumentar a achega prevista neste convenio, fixando a mesma en 180.000 €.*

*Na partida 4521.227.06.03 "Actividades eventos internacionais", tras a aprobación da modificación orzamentaria por transferencia de crédito, tramitada no expediente 8686-333, existe crédito adecuado e suficiente para tal fin.*

*Por todo o exposto proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*“Incrementar nun importe de 180.000,00 €, (cento oitenta mil euros), con cargo a partida 4521.227.06.03 "Actividades eventos internacionais" do vixente orzamento para o ano 2009, a achega do Concello de Vigo ao convenio coa Fundación Vigo Deporte (VIDE) aprobado na XGL de data 6/04/2009, para a organización do Campionato do Mundo de Hockey a Patíns 2009”.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **12(937).- DEVOLUCIÓN DE AVAL Á FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE CONSTITUÍDO POLA CELEBRACIÓN DO CROSS ESCOLAR A.D. CASTRO SAN MIGUEL. EXPTE. 8654/333.**

Dáse conta do informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 29.06.09, conformado polo concelleiro de Deportes, que di o seguinte:

*Segundo o acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria celebrada o pasado 8 de xuño de 2009, sobre a devolución do aval á Agrupación Deportiva Castro San Miguel, no que se autorizaba a devolución a dita Agrupación, debido a un erro material, debería poñer AUTORIZAR A DEVOLUCIÓN DO AVAL DE 4.000 €, imposto polo departamento de Montes, parques e xardíns a FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE, para responder dos danos no Parque de Castrelos, con motivo da celebración a proba deportiva denominada “XV CROSS ESCOLAR A.D. CASTRO SAN MIGUEL”, celebrado o domingo, día 24 de maio de 2009.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local rectifica o acordo da sesión do 8.06.09, que quedará redactado do seguinte xeito:

Autorizar a devolución do aval de 4.000€, imposto polo departamento de Montes, Parques e Xardíns á Fundación Vigo en Deporte, para responder dos danos do Parque de Castrelos, con motivo da celebración da proba deportiva denominada XV do Cross Escolar A. D. Castro San Miguel, celebrado o domingo día 24 de maio de 2009.

**13(938).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, AVISO PREVIO E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA A INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE CALEFACCIÓN DE GAS NATURAL NO CEIP RÍA DE VIGO. EXPTE. 10736/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proosta do xefe do Servizo de Educación, do 21.06.09, que di o seguinte:

*Obra: INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE CALEFACCIÓN DE GAS NATURAL NO CEIP RÍA DE VIGO.*

*Localidade e situación: CEIP RÍA DE VIGO, AVD. CESÁREO VÁZQUEZ 139, S. MIGUEL DE OIA - VIGO*

*Órgano de Contratación : CONCELLO DE VIGO.*

*Autor/a do proxecto: ENXEÑEIROS, D. JOSE LUIS OTERO FENTE*

*Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL.*

*Contratista titular do plan: ALTAIR INGENIERÍA Y APLICACIONES SA*

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: D. JOSE LUIS OTERO FENTE*

*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. JOSE LUIS OTERO FENTE*

*Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. ALFREDO SEIJAS SANTA CRUZ*

*Coordinar/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. EMILIO OTERO MARTÍNEZ Titulación: ENXEÑEIRO T. DE OBRAS PÚBLICAS*

*Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:*

*Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.*

*Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte*

**PROPOSTA:**

1. *Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE CALEFACCIÓN DE GAS NATURAL NO CEIP RÍA DE VIGO.*
2. *Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente.*
1. *Nomear como dirección facultativa da obra ao Técnico Municipal: D. ALVARO CRESPO CASAL*

*Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria ALTAIR., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(939).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE, VISO PREVIO E NOMEAMENTO DA DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA A INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE CALEFACCIÓN DE GAS NATURAL NO DR. EIJO GARAY. EXPTE. 10737/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proosta do xefe do Servizo de Educación, do 22.06.09, que di o seguinte:

*Obra: INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE CALEFACCIÓN DE GAS NATURAL NO CEIP DR. EIJO GARAY.*

*Localidade e situación: CEIP DR. EIJO GARAY, AVD. CASTELAO 59 - VIGO.*

*Órgano de Contratación : CONCELLO DE VIGO.*

*Autor/a do proxecto: D. JOSE LUIS OTERO FENTE*

*Dirección facultativa: D. ÁLVARO CRESPO CASAL.*

*Contratista titular do plan: **ALTAIR INGENIERÍA Y APLICACIONES SA***

*Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: D. JOSE LUIS OTERO FENTE*

*Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. JOSE LUIS OTERO FENTE*

*Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: D. ALFREDO SEIJAS SANTA CRUZ*

*Coordinar/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. EMILIO OTERO MARTÍNEZ Titulación: ENXEÑEIRO T. DE OBRAS PÚBLICAS*

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

*Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.*

*Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propor a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e,*



no seu caso, avaliación dos riscos e planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte

**PROPOSTA:**

1. Aprobado o plan de seguridade e saúde da obra *INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE CALEFACCIÓN DE GAS NATURAL NO CEIP DR. EIJO GARAY.*
2. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente.
1. Nomear como dirección facultativa da obra ao Técnico Municipal: *D. ALVARO CRESPO CASAL*

*Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria ALTAIR., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(940).- LISTAS DEFINITIVAS DE ADXUDICACIÓN DE PRAZAS E LISTA DE AGARDA NAS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS CURSO 2009-2010. EXPTE 10744/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta emitido polo xefe do Servizo de Educación, do 24.06.09, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local na súa sesión de data do 27 de marzo de 2009, acordou aprobar as “Normas para a adxudicación de prazas nas Escolas Infantís Municipais 0-3 anos (EIM) para o curso 2009-2010”.*

*De conformidade co establecido na base décima da referida Norma, con data 4 de xuño de 2009 reúnese a Comisión de escolarización das Escolas Infantís Municipais, que, unha vez aplicados os baremos establecidos nas Normas citadas, fixo públicos en data 8 de xuño de 2009 os listados de adxudicación provisional de prazas vacantes en cada unha das Escolas Infantís 0- 3 anos que integran a Rede Municipal, xunto coa lista de agarda e a puntuación obtida para cada un dos solicitantes. As listas de adxudicación e de agarda publicáronse nesa data nos taboleiros de anuncios das catro Escolas Infantís Municipais e na web municipal, tal e como se prevía nas Normas aprobadas.*

*A Norma Oitava A) punto 3 establece un prazo de dez días para efectuar as reclamacións que se consideren oportunas desde a data de publicación da lista de admisións provisional. Rematado ese prazo, e unha vez comprobadas as reclamacións presentadas contra a relación provisional, corresponde á Concelleira delegada de Educación a aprobación da relación definitiva de admitidos/as e a lista de espera coa puntuación obtida. Conforme á cláusula Undécima das Normas citadas, as reclamacións entenderanse resoltas coa publicación da lista definitiva.*

É obxecto deste informe a análise das reclamacións presentadas e a incorporación, para a resolución subseguinte por parte da Concelleira delegada de Educación, das listas definitivas de admitidos en cada Escola e a lista de agarda ordeada en función das puntuacións obtidas.

#### *Reclamacións/alegacións presentadas*

*Dentro do prazo de reclamacións, presentáronse ordeadas cronolóxicamente pola súa entrada no Rexistro xeral do Concello as seguintes:*

*Reclamación nº 1.- Nº Rex. 90085358, data 09/06/09, presentada por Mª del Pilar Álvarez Rey co DNI 36.112.615 Q: Reclama a revisión das listas provisionais publicadas admitindo a todos os irmáns en igualdade de condicións e respetando o seu dereito de prioridade, así como regular a admisión segundo a zona educativa como se fai nos centros de ensino públicos.*

#### *Análise:*

*A recorrente confúndese intencionadamente ao interpretar a norma Terceira.b.2. que dá prioridade a aqueles solicitantes de novo ingreso que contan cun irmán no Centro. A pesar do que afirma a recorrente, a norma é unívoca dende o seu apartado primeiro, no que se indica que a adxudicación de prazas refírese sempre ao curso 2009-2010 e a ese curso debe referirse calquera alusión á reserva de prazas. Non hai dúbida de que cando a norma se refire a “irmáns cunha praza “renovada” na EIM, estase a referir a irmáns que renoven praza no curso referido e non que estivesen matriculados con anterioridade. Non podía ser doutra maneira, pois tal criterio de*

*admisión ten lóxicamente por única finalidade posibilitar que a familia cun neno xa escolarizado poida levar ao mesmo tempo a un segundo irmán, evitando así, os evidentes prexuízos que suporía a dispersión. Non se trata pois dun dereito inmanente derivado de haber estado matriculado algunha vez na Escola, senon o feito de ter que darse, para que a prioridade sexa tida en conta, a situación futura de estar escolarizados os dous irmáns ao mesmo tempo, cousa que non se dá no caso dos fillos da recorrente, xa que o escolarizado no curso 2008-2009, xa non o estará, por rebasar a idade, no curso 2009-2010, polo que non é de aplicación a prioridade expresada pola recorrente.*

*Verbo da pretensión da recorrente de cambio de quenda do seu fillo matriculado no curso 2008-2009 na quenda de tarde, as Normas aprobadas son explícitas e claras: Terceira a) “Os nenos/as matriculados na xornada de tarde só poderán reservar praza nese mesmo horario”.*

*A Comisión de Escolarización aplicou rigorosamente a Norma á hora de asignar as vacantes tendo en conta que, conforme á Norma Terceira.b) [os solicitantes] “poderán solicitar praza en calquera das EIM de Vigo. Os solicitantes deberán, se é o caso, marcar por orde de preferencia a/as opción/s no impreso de solicitude”, en relación co que se indica nese mesmo apartado b.3 “Esta puntuación [a do baremo] determinará a orde de prelación na adxudicación das prazas para calquera das opcións solicitadas, así como para a lista de espera resultante”. As alusións da recorrente a “zona educativa única” non son pertinentes, pois o criterio “zona” só existe no procedemento de adxudicación de prazas aprobado, exclusivamente como un aspecto puntuable no baremo que, en ningún caso supón un elemento superior á prioridade expresada polos solicitantes e á súa puntuación global que é a que determina absolutamente a orde de adxudicación en calquera das opcións solicitadas.*

*Proposta de resolución:* rexeitar, polas razóns expostas no informe do xefe do Servizo de Educación de data 24/06/2009, a reclamación presentada por Mª del Pilar Álvarez Rey (nº Rex. 90085358)

Reclamación nº 2 Nº rex. 90087848, data 12/06/09, presentada por Yolanda Rodriguez Anievas co NIF 09.802.503 H: Reclama a agrupación nunha mesma escola dos alumnos solicitantes Abel e Sira Cacabelos Rodríguez que provisionalmente figuraban admitidos, no caso de Abel, na aula 0-1 quen- da continuada na EIM Santa Cristina de Lavadores, e, no caso da súa irma Sira, na aula 2-3 quenda continuada na EIM Santa Marta do Casco Vello.

Análise

Nas listas provisionais non se pode atender o agrupamento familiar porque a puntuación total acadada por cada un/ha dos/das alumnos/as solicitantes, determina o acceso ás prazas vacantes das distintas escolas integradas na rede municipal, polo que, ao non tratárense de xemelgos, “compiten” en baremación en cursos distintos. É así que pode ocorrer -como neste caso- que un dos irmáns soli- citantes adquira praza nun nivel, por ter puntuación superior aos seus “competidores” e o outro non, por ter inferior. Enténdese pois, que non se pode atender, coa normativa na man, ás preten- sións da recorrente de agrupamento dos irmáns de distintas idades, que solicitan praza por primeira vez, nunha soa Escola. En calquera caso, deberá esperarse á aprobación, publicación e formaliza- ción de matrícula das listas definitivas para saber finalmente se se confirman as adxudicacións de cada irmán ou en que lugar quedan da lista de agarda.

Proposta de resolución: rexeitar, polas razóns expostas no informe do xefe do Servizo de Educación de data 24/06/2009, a reclamación presentada por Yolanda Rodriguez Anievas (nº Rex. 90087848).

Reclamación nº 3. Nº rex. 90088030, data 12/06/09 presentada por Tania Pereira Cabrera co NIF 36.121.595 A: Incorpora ao expte da alumna solicitante, Amada Pereira Lima, informe social que recolle circunstancias familiares determinadas, para que sexan valoradas.

Análise:

Visto o informe social, establécese unha valoración de 1 punto, seguindo o criterio xeral aplicado a casos semellantes durante o proceso de baremación previo á publicación das listas provisionais. Non embargantes, como consecuencia do informe social dedúcense ingresos non declarados na soli- citude da interesada, á que se lle puntuara como se non percibise ingresos ningún. En consecuen- cia, revísase a baremación por este concepto. Considerando ámbalas dúas circunstancias expostas con anterioridade a puntuación total que acadara a alumna solicitante é de 17 puntos.

Proposta de resolución: Aceptar parcialmente, polas razóns expostas no informe do xefe do Servizo de Educación de data 24/06/2009, a reclamación presentada por Tania Pereira Cabrera (Nº rex. 90088030) no relativo ao aumento de puntuación pola apreciación de circunstancias sociais singula- res e proceder á diminución da puntuación no apartado de ingresos económicos. En consecuencia, establecer unha puntuación final de 17 puntos.

Reclamación nº 4. Nº rex. 90088076, data 12/06/09, presentada por María Carolina Vaz Fernández co NIF 36.135.609-X: Presenta documentación que non aportara durante o prazo de matrícula, razón pola cal esta solicitante quedara excluída expresamente nas listas provisionais por faltarlle do- cumentación de presentación obrigatoria.

Análise:

Na súa reclamación presenta a documentación que lle faltaba (certificado da Axencia Tributaria). In- corporada ao expte do alumno solicitante Dani Gregorio Vaz a documentación pendente de aportar,

correspondente aos ingresos do pai do menor, unha vez aplicada a baremación correspondente a “Ingresos” o solicitante pasa a ter unha puntuación total de 16 puntos.

Proposta de resolución:

Admitir, polas razóns expostas no informe do xefe do Servizo de Educación de data 24/06/2009, a reclamación presentada por María Carolina Vaz Fernández e incorporar ao expediente a documentación aportada pola recurrente, incluíndoa, unha vez revisada a baremación, no listado definitivo cunha puntuación de 16 puntos, quedando en lista de agarda.

Reclamacións nº 5, 6, 7 e 8 presentadas por

5. María Saray Montoya Jiménez co NIF 53.183.608-H, Nº rexistro de entrada 90090101 de data 17/06/09
6. Enmanuela Novella Daloiso co NIF X-7338187 Z, nº rexistro de entrada 90090113 de data 17/06/09
7. Nélica Rivas Rodríguez co NIF 13.937.268 G, nº rexistro de entrada 90090142 de data 17/06/09
8. Dolores Fernandez Durillo co NIF 36.146.721 J, nº rexistro de entrada 90090218 en data 17/06/09

Todas elas reclaman a inclusión nas listas provisionais, pois pese haber presentado en tempo e forma a solicitude, non figuraban nas mesmas, nin con praza adxudicada, nin na lista de espera nin na de excluídos.

Análise

Revisada a documentación do proceso obrante no Servizo de Educación, compróbase que, efectivamente, tales solicitudes foron presentadas conforme ao disposto na Norma e dentro do prazo establecido sen que figurasen finalmente, como debiera ter ocorrido, nas Listas provisionais. Compróbase que por un erro non detectado no proceso de xestión informática os solicitantes non figuraban efectivamente nas listas.

En consecuencia acéptanse as reclamacións presentadas e baremanse as solicitudes resultando do proceso de cálculo o seguinte:

- nº 5. Reclamación presentada por María Saray Montoya Jiménez correspondente ao solicitante José Angel Jiménez Montoya. Subsano o erro a puntuación total que acada o alumno solicitante é de 17 puntos.
- Nº 6. Reclamación presentada por Enmanuela Novella Daloiso correspondente á solicitante Alessia Lois Daloiso. Subsano o mesmo a puntuación total que acada a alumna solicitante é de 17 puntos.
- Nº 7. Reclamación presentada por Nélica Rivas Rodríguez correspondente ao solicitante Gael Da Silva Rivas. Subsano o erro a puntuación total que acada o alumno solicitante é de 17 puntos.
- Nº 8. Reclamación presentada por Dolores Fernandez Durillo correspondente a solicitante Aitana Gabarre Fernández. Subsano o mesmo a puntuación total que acada o alumno solicitante é de 23 puntos.

Proposta de Resolución:

Admitir as Reclamacións presentadas por María Saray Montoya Jiménez [ José Angel Jiménez Montoya] (17 puntos), Enmanuela Novella Daloiso [Alessia Lois Daloiso] (17 puntos), Nélica Ri-

vas Rodriguez [Gael Da Silva Rivas] (17 puntos), Dolores Fernandez Durillo [Aitana Gabarre Fernández] (23 puntos), incorporándoas ás listas definitivas coas puntuacións que figuran entre parénteses tralo nome de cada unha das recurrentes e dos alumnos respectivos.

Reclamación nº 9. Nº de rex. 90090331, data 17/06/09, presentada por Natalia Moure López co NIF 44.825.545 V: Solicita a revisión da baremación da alumna Xiana Salgueiro Moure por considerar que non lle foi valorada a condición de familia monoparental, por considerar non adecuada a puntuación por ingresos familiares, por non terse en conta a condición de minusvalía, indicando, finalmente que non se lle incluíu na quenda de tarde, a pesar de tela solicitado “en 2ª opción”.

Análise:

Reclama a condición de familia monoparental que na solicitude nin menciona nin acredita documentalmente. Ben ao contrario, na propia solicitude indica que a unidade familiar está composta por tres membros. Compróbase polo Servizo de Educación que pai, nai e filla compoñen efectivamente unha unidade familiar con residencia na Trav. Couto Piñeiro nº 2, polo que non se pode considerar familia monoparental.

Verbo da puntuación outorgada pola situación económica non procede a revisión pois a puntuada nas listas provisionais é efectivamente a que se corresponde coa documentación presentada pola recurrente.

En relación á minusvalia da nena que se alega na reclamación, non se acredita, pois só se aporta un parte de urxencias, documento que non ten validez como declaración de tal condición.

En relación coa súa pretensión de que se lle inclúa tamén nos listados na quenda de tarde por así telo solicitado “en 2ª opción”, debe ser rexeitada pois na convocatoria de solicitude recollida nas Normas repetidamente citadas, non existe a posibilidade de solicitar á vez dúas quendas entre as tres ofertadas. Entendeuse, neste caso, da forma máis favorable para a solicitante, non anulando a súa solicitude e entendendo que a quenda solicitada é a marcada como “1ª opción”, isto é, quenda da mañán.

Proposta de resolución:

Rexeitar a reclamación feita por Natalia Moure López (Nº de rex. 90090331) e, en consecuencia, manter a puntuación recollida no listado provisional.

Reclamación nº 10. Nº de rex. 90090834, data 18/06/09, presentada por Alexandra Teijeiro Pita co NIF 32.676.784 V: Aporta ao expte da alumna solicitante Mina Cartea Teijeiro documentación que considera que demostra unha redución de ingresos salariais logo de incorporación despois de baixa maternal.

Análise:

A modificación da situación económica é un suposto contemplado nas Normas de aplicación, sempre e cando sexa acreditada polos solicitantes. A alegante presenta soamente unha fotocopia dunha carta da empresa de data 1/05/2009, da que non é posible deducir certamente a redución de haberes alegada respecto dos declarados no período de solicitude, xa que se indica unha retribución fixa que sí se coñece, e unha retribución variable, en función de obxectivos a cumprir, que non é posible coñecer. Xa que logo, a variación das circunstancias económicas só serán coñecidas ao remate do ano 2009, polo que non é posible estimalas a priori e telas en conta para a modificación do baremo aplicado en función da documentación certa presentada coa solicitude e que corresponde coas retribucións declaradas á Axencia tributaria do ano 2007.

Proposta de resolución:

Rexeitar, polas razóns expostas no informe do xefe do Servizo de Educación de data 24 de xuño de 2009, a reclamación presentada por Alexandra Teijeiro Pita (Nº de rexis. 90090834) e, en consecuencia, manter a puntuación que consta nas listas provisionais publicadas.

Á vista do anteriormente expresado, proponse á concelleira delegada de Educación, acordar o seguinte:

1. Desestimar, polas razóns expostas no informe do xefe do Servizo de Educación de data 24/06/2009, as reclamacións presentadas por M<sup>a</sup> del Pilar Álvarez Rey (nº Rex. 90085358), por Yolanda Rodríguez Anievas (nº Rex. 90087848), por Natalia Moure López (Nº de rex. 90090331) e por Alexandra Teijeiro Pita (Nº de rexis. 90090834), quedando as recurrentes na mesma quenda e coa mesma puntuación obtida nos listados provisionais;
2. Estimar parcialmente, polas razóns expostas no informe do xefe do Servizo de Educación de data 24/06/2009, a reclamación presentada por Tania Pereira Cabrera (Nº rex. 90088030) no relativo ao aumento de puntuación pola apreciación de circunstancias sociais singulares e proceder á diminución da puntuación no apartado de ingresos económicos. En consecuencia, establecer unha puntuación final de 17 puntos.
3. Estimar, polas razóns expostas no informe do xefe do Servizo de Educación de data 24/06/2009, a reclamación presentada por María Carolina Vaz Fernández e incorporar ao expediente a documentación aportada pola recurrente, incluíndoa, unha vez revisada a baremación, no listado definitivo cunha puntuación de 16 puntos.
4. Estimar as Reclamacións presentadas por María Saray Montoya Jiménez -nº rex. 90090101- [ José Angel Jiménez Montoya] (17 puntos), Enmanuela Novella Daloso -nº Rex. 90090113- [Alessia Lois Daloso] (17 puntos), Nélide Rivas Rodríguez -nº rex. 90090142- [Gael Da Silva Rivas] (17 puntos), Dolores Fernandez Durillo -nº rex. 90090218- [Aitana Gabarre Fernández] (23 puntos), incorporándoas ás listas definitivas coas puntuacións que figuran entre parénteses tralo nome de cada unha das recurrentes e dos alumnos respectivos.
5. Aprobar definitivamente as listas de adxudicación de prazas e lista de agarda nas Escolas Infantís Municipais para o curso 2009-2010, que se inclúen no expediente.
6. Ordear a publicación das listas citadas nos taboleiros de anuncios das Escolas Infantís Municipais e na páxina web municipal.
7. Indicar aos interesados/as que a resolución que se lle notifica pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 109.c) da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común 30/1992, de 26 de novembro. Contra este acto administrativo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o dictou no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992. Asemade, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo segundo o previsto nos artigos 1, 8, 25.1, 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, 116 e concordantes da Lei 30/1992, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da presente notificación; sen prexuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

A Concelleira Delegada de Educación, con data 26.06.09, resolve o seguinte:

*Vista a proposta contida no informe do xefe do Servizo de Educación de data 24 de xuño de 2009, sobre reclamacións e lista definitiva de adxudicación de prazas e lista de agarda para as Escolas Infantís Municipais para o curso 2009-2010 (expte. nº 10744/332)*

**RESOLVO:**

- 1. Desestimar, polas razóns expostas no informe do xefe do Servizo de Educación de data 24/06/2009, as reclamacións presentadas por M<sup>a</sup> del Pilar Álvarez Rey (nº Rex. 90085358), por Yolanda Rodríguez Anievas (nº Rex. 90087848), por Natalia Moure López (nº de rex. 90090331) e por Alexandra Teijeiro Pita (nº de rex. 90090834), quedando as recurrentes na mesma quenda e coa mesma puntuación obtida nos listados provisionais.*
- 2. Estimar parcialmente, polas razóns expostas no informe do xefe do Servizo de Educación de data 24/06/2009, a reclamación presentada por Tania Pereira Cabrera (nº rex. 90088030) no relativo ao aumento de puntuación pola apreciación de circunstancias sociais singulares e proceder á diminución da puntuación no apartado de ingresos económicos. En consecuencia, establecer unha puntuación final de 17 puntos.*
- 3. Estimar, polas razóns expostas no informe do xefe do Servizo de Educación de data 24/06/2009, a reclamación presentada por María Carolina Vaz Fernández e incorporar ao expediente a documentación aportada pola recurrente, incluíndoa, unha vez revisada a baremación, no listado definitivo cunha puntuación de 16 puntos.*
- 4. Estimar as Reclamacións presentadas por María Saray Montoya Jiménez -nº rex. 90090101- [ José Angel Jiménez Montoya] (17 puntos), Enmanuela Novella Daloiso -nº Rex. 90090113- [Alessia Lois Daloiso] (17 puntos), Nélica Rivas Rodríguez -nº rex. 90090142- [Gael Da Silva Rivas] (17 puntos), Dolores Fernandez Durillo -nº rex. 90090218- [Aitana Gabarre Fernández] (23 puntos), incorporándoas ás listas definitivas coas puntuacións que figuran entre parénteses tralo nome de cada unha das recurrentes e dos alumnos respectivos.*
- 5. Aprobar definitivamente as listas definitivas de adxudicación de prazas e lista de agarda nas Escolas Infantís Municipais para o curso 2009-2010, que se inclúen no expediente.*
- 6. Ordear a publicación das listas citadas nos taboleiros de anuncios das Escolas Infantís Municipais e na páxina web municipal.*
- 7. Indicar aos interesados/as que a resolución que se lle notifica pon fin á vía administrativa ao abeiro do disposto no artigo 109.c) da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común 30/1992, de 26 de novembro. Contra este acto administrativo poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o dictou no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da presente notificación, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992. Asemade, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo segundo o previsto nos artigos 1, 8, 25.1, 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, 116 e concordantes da Lei 30/1992, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da*

presente notificación; sen prexuízo da interposición polo/a interesado/a de calquera outro recurso que estime procedente conforme a Dereito.

Desta Resolución, darase conta á Xunta de Goberno Local seguinte.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### **16(941).- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA POLA CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E FOMENTO DE COOPERATIVISMO. EXPTE. 6037/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do xefe de Promoción Económica e Emprego, do 26.06.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

1- Aceptar a subvención concedida na resolución do Xefe do Servizo de Cooperativas e Economía Social da Xunta de Galicia, de data 19 de xuño de 2009, en base á Orde de 30 de decembro de 2008 pola que se convocan subvencións aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo, co expediente TR 802 Z- 22/2009, na que unha vez avaliada a solicitude presentada, resolve conceder unha subvención polo importe total de 8.980 €, para a posta en marcha do proxecto "Emprende en Cooperativa".

2- Encomendar ao Servizo de Promoción Económica e Emprego, a xestión do proxecto "Emprende en Cooperativa", conforme ao establecido na orde de Orde de 30 de decembro de 2008 pola que se convocan subvencións aos concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo e proceda ao axuste do contido do proxecto (a contía solicitada foi de 19.973,60€) ao presuposto aprobado (8.980 €), reducindo aquelas actividades do proxecto orixinal que se estime convinte.

#### **17(942).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.**

Examinados os xustificantes de libramentos remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINT.	S/FAVOR
ESPADA RE CAREY LUIS	09009017	300,00	305,45	----	5,45
ESPADA RE CAREY LUIS	09014675	17.999,00	17.624,80	374,20	----
ESPADA RE CAREY LUIS	09017224	7.572,60	7.572,60	----	----
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ Mª PAZ	09005668	30.000,00	30.000,00	----	----
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ Mª PAZ	09011270	500,00	500,00	----	----
GUTIERREZ ORÚE FRANCISCO J.	09015863	16.875,00	15.417,00	1.458,00	----
GUTIERREZ ORÚE FRANCISCO J.	09025063	5.940,00	5.634,00	306,00	----



HERMIDA FERNÁNDEZ JOSÉ ÁNGEL	09011269	5.000,00	5.000,00	----	----
HERMIDA FERNÁNDEZ JOSÉ ÁNGEL	09012009	33.000,00	33.000,00	----	----
HERMIDA FERNÁNDEZ JOSÉ ÁNGEL	09012010	55.000,00	55.000,00	----	----
NÚÑEZ ABOY MARTA	09014468	6.600,00	6.600,00	----	----
NÚÑEZ ABOY MARTA	09020926	400,00	----	400,00	----
NÚÑEZ ABOY MARTA	09020928	122,07	----	122,07	----
OTERO LAMAS FRANCISCO	09007426	6.000,00	6.000,00	----	----
OTERO LAMAS JOSÉ ÁNGEL	09004568	2.000,00	2.000,00	----	----
OTERO LAMAS JOSÉ ÁNGEL	09004570	1.000,00	49,92	950,08	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	09004774	500,00	344,54	155,46	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	09011982	191,81	191,81	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	09011984	82,80	82,80	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	09013161	500,00	367,45	132,55	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	09013162	56,10	56,10	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	09014877	410,00	410,00	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	09017491	92,80	92,80	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	09017492	32,81	32,81	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	09022543	206,74	206,74	----	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	09022544	400,00	232,40	167,6	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	09024439	277,00	260,35	16,65	----
RODRÍGUEZ LAGOA ELISA	09024440	106,68	106,68	----	----
		191.165,41	187.088,25	4.082,61	5,45

**18(943).- PROPOSTA PARA A RENOVACIÓN DE MEDIOS MATERIAIS E MAQUINARIA DE FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A. EXPTE. 2447/252.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Limpeza e do xefe do Servizo de Investimentos, do 29.06.09, conformado polo concelleiro-delegado de Limpeza e polo interventor xeral, que di o seguinte:

*O Pleno do Concello de Vigo en sesión de 26 de febreiro do 2001 acordou adxudicar a “Fomento de Construcciones y Contratas, S.A” o concurso para a concesión do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbáns, limpeza urbana e de praias, tralo dictame da Comisión Informativa de Réxime Interior de 22 de febreiro anterior.*

*En data 1 de abril do 2001 iniciouse o contrato conforme ao disposto na cláusula IX do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexeu a contratación, tendo unha duración de 16 anos.*

*No capítulo VIII do texto refundido do Prego de Condicións Técnicas que rexeron a concesión do Servizo público da recollida, transporte de residuos sólidos urbans, limpeza urbana e de praias de Vigo, establécese que.*

“... dado o prazo da concesión, e a vida útil dos medios para empregar, os licitadores no estudo económico que presenten e polo tanto no contido da oferta deben ter en conta que a renovación dos medios materiais e maquinaria será cada oito anos...”

*Segundo o anterior e habida conta que a data de inicio do contrato foi o día 1 de abril do ano 2001, a incorporación dos novos medios materiais deberíase ter producido o día 1 de abril do ano 2009.*

*Pola súa banda, o Prego de cláusulas administrativas particulares na cláusula VII establece que:*

“...o referido termo representativo da amortización dos investimentos non será obxecto de revisión automática a través da fórmula polonómica; non entanto sí se considerará no prezo do contrato o maior ou menor custo que poida supoñer para o concesionario a renovación do material móbil unha vez transcorrido o seu período de vida útil, así como a corrección que proceda en función do tipo de referencia MIBOR que sexa de aplicación o día da data de revisión, aumentando ou diminuindo a referida cota constante segundo o cadro de amortización que para o efecto se elabore...”

*de xeito que claramente establece unha nova cuota de amortización para os medios materiais e maquinaria renovados.*

*En data 13 de maio do 2009 o Xefe do Servizo de Inversións do Concello emitiu informe técnico sobre os efectos económicos que se trasladan ao contrato de Concesión como consecuencia da substitución dos equipos e material móbil previsto no prego, deducíndose do mesmo as seguintes conclusións:*

“...”

1. O obxecto de facilitar a captación de recursos financeiros que permitan acometer o plan de substitución e renovación dos equipos e material móbil, adscritos ó Servizo de Limpeza, autorízase á entidade concesionaria a concertación dunha operación de endeudamento, en contía equivalente ó importe da inversión decidida pola Xunta de Goberno Local (IVE excluído), cun custe financeiro máximo do resultante de aplicar ó tipo de referencia Euribor a un ano vixente o día 19 de outubro de 2008 o diferencial de 25 puntos básicos, sen perxuízo de adicionar a anualidade de amortización correspondente, de tal sorte que logre a recuperación total do capital invertido, coincidindo coa finalización do período concesional.
2. O devengo ou dereito ó cobro do financiamento das inversións comprometidas polo concesionario, como consecuencia da reposición de activos, formará parte da factura mensual emitida pola entidade Fomento de Construcciones y Contratas, en concepto de contraprestación de servizos, con arranxo a algunha das seguintes modalidades de pagamento e previo acordo da X.G.L.:
  - Por aplicación do criterio xa establecido neste contrato concesional, a recuperación do capital invertido e o seu financiamento, a favor do concesionario, se iniciará coincidindo coa facturación de servizos correspondente ó mes seguinte ó de adopción do acordo de substitución, por parte de X.G.L.
  - A percepción do custe financeiro imputable á renovación de activos e a súa amortización a favor do concesionario surtirá efectos a partir do mes seguinte ó de incorporación dos equipos ó servizo e con seguinte acto formal de recepción da Administración Municipal.
3. Con periodicidade anual someterase a revisión o tipo de referencia Euribor aplicable ó financiamento, se ben manterase constante o marxe establecido no 0,25%. A tal efecto deberá terse en conta que o cómputo para determinar a primeira revisión realizarase a partir da data de adopción do acordo pola X.G.L. actualizándose de idéntica forma o transcurso de 12 meses e así sucesivamente.

As variacións positivas ou negativas que resulten da actualización reflectiranse na factura correspondente a mesma mensuralidade na que tivo lugar a devandita revisión.

4. Con independencia de calesqueira que sexa a modalidade elexida por esta Administración Municipal para o reembolso do financiamento e a súa recuperación a favor do concesionario, e na medida que xa transcorreu un período de tempo que excede da metade do período concesional, esta xefatura entende que a Xunta de Goberno Local debe adoptar, sen máis dilación, o oportuno acordo de substitución de activos (con indicación do número, tipo, marca e modelo e o seu prazo)

a fín de propiciar unha prestación adecuada dos servizos encomendados ó concesionario e co propósito de reducir o impacto que se rexistraría nos exercizos orzamentarios futuros ante o feito de proxecta-la recuperación de capital en menor prazo.

...”

*En data 18 de maio do 2009 o Xefe do Servizo de Limpeza co conforme da Concelleira Delegada, da traslado á empresa Concesionaria dos criterios económicos e técnicos para a renovación dos medios materiais e maquinaria, así como o número mínimo de unidades a adquirir e as súas características, cuantificandoa nun máximo de dez millóns douscentos trinta mil euros (10.230.000 €) IVE excluído.*

*A empresa formulou proposta de renovación en data 11 de xuño seguinte (Doc 90086942) incluíndo os prezos unitarios e o importe total dos novos medios propostos, o cadro de amortización e financiamento e dous tomos coa documentación técnica dos vehículos e maquinaria que se propón renovar. Esta proposta é conforme ás condicións establecidas no informe do Xefe de Inversións municipal de 13 de maio respecto do tipo de interés aplicado na amortización, no importe total da inversión resultante, así como nos requerimentos técnicos que cumpren todos os equipos segundo o establecido no informe do Xefe de Limpeza de data 18 de maio.*

*En data 26 de xuño do 2009 o Departamento de Enxeñería Mecánica, Máquinas e motores Térmicos e de Fluídos da Universidade de Vigo emite informe conformado polo Xefe do Servizo de Limpeza, no que se fai constar a adecuación do prezo comprometido pola empresa concesionaria cos actualmente vixentes no mercado.*

*Polo anteriormente exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

### PROPOSTA

*Primeiro.-*

*Instar á Entidade Concesionaria do servizo “Fomento de Construcciones y Contratas, S.A.” a fin de que no prazo inprorrogable dun mes, contado a partir do día seguinte ó da notificación do acordo, inicie as actuacións oportunas para a renovación dos equipos e maquinaria, mediante a adquisición dos activos cuxos número de unidades, marca, modelo e características técnicas se especifican no Proxecto de renovación de maquinaria presentado en data 11/06/2009, segundo doc nº 90086942, por un importe total de 10.230.000€ (IVE excluído), para a súa conseguinte adscripción ó servizo público, en cumprimento do establecido no capítulo VIII do Texto Refundido do Prego de prescripcóns técnicas do concurso.*

*A tal efecto a entidade concesionaria deberá levar a cabo as xestións pertinentes cos fabricantes, de tal xeito que se instrumente a efectiva substitución dos equipos descritos coa máxima celeridade, habida conta do prazo de vencimento da vida útil dos mesmos, en coincidencia coa finalización do presente exercizo económico (31/12/2009).*

*Segundo.-*

*Autorizar á Entidade concesionaria do servizo para que proceda á recuperación do capital invertido e ao seu financiamento mediante a súa inclusión na facturación mensual que se xire á Administración concedente, con efectos dende o mes seguinte ó de incorporación e recepción efectiva dos equipos e maquinaria, segundo o valor do termo constante da renda inmediata postpaga necesaria para amortizar a inversión a través de desembolsos mensuais resultantes de*

aplicar o custe financeiro do tipo de referencia “EURIBOR a un ano”, vixente o día 19 de outubro do 2008 (5,202%), incrementado no diferencial de 25 puntos básicos segundo a oferta que resultou adxudicada no concurso.

Terceiro.-

Por en coñecemento da Entidade concesionaria do servizo, que, unha vez transcorrido o prazo dun ano, contado a partir da data de recepción dos equipos e maquinaria, procederá á revisión do tipo de referencia (Euribor a 1 ano), con arranxo ás novas condicións de mercado, recalculando a respectiva variable se ben mantendo constante a marxe ou diferencial de 25 puntos básicos comprometido na oferta do concurso.

Cuarto.-

Ordenar ó Servizo de Limpeza a incoación do pertinente expediente administrativo para a eventual enaxenación dos bens adscritos o servizo, que xa teñen sido totalmente amortizados, ó amparo do establecido no artigo 69 da Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas, segundo o procedemento recollido no artigo 143 da mencionada Disposición Legal, todo elo previa emisión dos informes técnicos de valoración que se estimen convenientes.

Quinto.-

Co obxecto de evitar tensións innecesarias na formación dos orzamentos deste Concello de exercizos futuros, como consecuencia da non adecuación entre os prazos de amortización técnica dos activos (8 anos a partires da súa entrada en funcionamento) e o restante para que se produza o reamte da concesión (1/04/2017), autorízase á Intervención Xeral para que, con arranxo ás definicións terminolóxicas preliminares leve a efecto as operacións contables que se detallan:

*Definición de termos:*

Período transitorio.- Constitúe o período transitorio o número de meses que transcorren, sen cómputo de fraccións, entre o día 1/04/2009 e o primeiro día do mes seguinte a aquel en que se reciban e adscriban ó servizo público os equipos e maquinaria, obxecto de substitución ou renovación

Atribución do saldo do concepto “non orzamentario”.-

$$I = S/n$$

Sendo “S” o saldo constituído no concepto non orzamentario durante o período transitorio e “n” o número de meses que transcorren entre a data de adscripción dos equipos e o de remate do contrato.

- Durante o período transitorio a entidade concesionaria xirará á Administración Municipal a correspondente factura, en contraprestación dos servizos contratados, con exclusión da anualidade financeira (financiación e amortización da inversión).
- O longo do prazo establecido no apartado precedente se instrumentarán o asientos contables oportunos a fin de acreditar no concepto “non orzamentario” correspondiente a dotación mensual de 131.724,00€, resultante da necesaria para recuperar a inversión pactada ó tipo de interés de 5,452%, en oito ano, mediante mensualidades post-pagables.

- *Rematado o período transitorio Fomento de Construcciones y Contratas, S.A. emitirá factura comprensiva da totalidade dos factores constitutivos do prezo do contrato (anualidade financeira incluída) e a Intervención Xeral efectuará unha atribución proporcional en contía "I" do saldo da conta non orzamentaria, mediante cargos ou adeudos á mesma para o seu ingreso a favor da entidade concesionaria*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **19(944).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS POLO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DURANTE O MES DE XUÑO DE 2009. EXPTE. 892/334.**

Mediante providencia de data 1.07.09 a concelleira de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística, en cumprimento coa base 31ª das de execución do Orzamento xeral do Concello de Vigo, dá conta á Xunta de Goberno local dos expedientes de contratación tramitados polo réxime de contrato menor e que son os seguintes:

Expediente	877/334. Proxecto de dinamización lingüística que terá como eixo de traballo a toponimia viguesa
Decreto concelleira	data 4 de xuño de 2009
Informe Intervención	RC 33000
Adxudicatario	Varias empresas
Importe	2.000,00 euros

Expediente	880/334. Actividades de teatro do Correlingua 2009
Decreto concelleira	data 19 de xuño de 2009
Informe Intervención	RC 37071
Adxudicatario	Teixugo S. Coop. Galega
Importe	1.508,00 euros

Expediente	881/334. Dar de alta a partida 4633.226.08.01 (realización espectáculos) e contratación do espectáculo co pasacalles Zampón o lambón
Decreto concelleira	data 19 de xuño de 2009
Informe Intervención	RC 37054
Adxudicatario	Ignacio Vilariño Sanmartín
Importe	2.407,50 euros

Expediente	885/334. Adquisición do CD-DVD de cancións populares "O karaoquiño"
------------	---

Decreto concelleira	data 19 de xuño de 2009
Informe Intervención	RC 37069
Adxudicatario	Editorial Gárgola, S.L.
Importe	2.900,00 euros

### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **20(945).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE VIGO CARA A CONTAR CON SERVIZOS DE AGRUPACIÓNS MUSICAIS NAS VODAS CIVÍS QUE CELEBREN AS AUTORIDADES MUNICIPAIS. EXPTE. 4003/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 15.04.09, e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 13.03.09, conformado polo concelleiro de Distritos, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e o Conservatorio Profesional de Música de Vigo cara a contar cos servizos de agrupación musicais nas cerimonia de prestación do consentimento matrimonial que autorice o Alcalde ou concelleiro/a no que este delegue.

#### *CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA DE VIGO*

*Na Casa do Concello de Vigo, a .... de .... de duos mil nove*

#### *REUNIDOS*

*Dunha parte, don Abel Caballero Álvarez, Alcalde Presidente do. Concello de Vigo, en representación deste, de acordo co disposto no artigo 124. 4. a) da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local.*

*Doutra, don Francisco Javier Escobar Vidal, Vicedirector do Conservatorio Profesional de Música de Vigo, con sede na rúa Fotógrafo Felipe Prósperi, s/n, 36209 Vigo e CIF-Q3600367A, en representación do mesmo.*

*Teñen os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e a tal fin*

#### *EXPOÑEN*

- I. Que o artigo 51 do Código Civil reconece como autoridade competente para autorizar a celebración dos matrimonios civís ao alcalde do municipio donde se celebre o matrimonio e ao concelleiro en quen este delegue.*

- II. *Que no exercizo desta competencia o alcalde do Concello de Vigo e, pola súa delegación, distintos concelleiros da Corporación veñen autorizando a celebración de bodas civís tanto nas dependencias da Casa do Concello como nas do Pazo Quiñones de León.*
- III. *Que a cerimonia da prestación do consentimento matrimonial, tanto relixiosa como civil, é o evento social máis importante na vida das persoas, que, como momento de celebración que é, adoita revestirse e rodearse de especiais formas e elementos encaminados a convertirla nun momento cálido e inolvidable. Un destes elementos dos que se adoita rodear a celebración do matrimonio é o musical, presente nas ocasións festivas de tódalas culturas.*
- IV. *Que, co obxecto de proporcionar aos contraines das bodas civís que autoricen as autoridades municipais da cidade a posibilidade de disfrutar na cerimonia da prestación do consentimento matrimonial dun entorno musical axeitado ao dito momento, o Conservatorio Profesional de Música de Vigo ofrece a posibilidade de contar cos servizos de cuartetos de corda -dous violíns, viola e violoncello-, de clarinetes, ou de dúos de corda, compostos por dous violíns, violín e viola ou violín e violoncello, cuxo prezo para os contraines sería de 30 € por participante na agrupación musical.*
- V. *Que é propósito do Concello de Vigo facilitar os contraines das bodas civís que autoricen as autoridades municipais o cofiecemento da dita posibilidade e o . disfrute dela, polo que os intervinetes conveñen a celebración do presente convenio de colaboración con arranxo ás seguintes*

#### CLÁUSULAS

*Primeira.- O Concello de Vigo, con ocasión das solicitudes que se He formulen para a celebración de matrimonios civís que autorice o Alcalde ou o concelleiro no que este delegue comunicará aos contraines a posibilidade de contar na cerimonia do matrimonio cos servizos das agrupacións musicais que van ditas na parte expositiva deste convenio, polo prezo tamén indicado.*

*Segunda.- A este fin o Concello de Vigo, nas ceremonias matrimoniais que se celebren tanto no Concello como no Pazo de Quiñones de León, disporá un espacio axeitado ao emprazamento da agrupación musical que poida concorrer ao acto.*

*Terceira.- O Conservatorio Profesional de Música de Vigo, pola súa parte, comprométese a facilitar aos contraines que o soliciten os servizos das agrupacións musicais que van ditas polo prezo sinalado.*

*Cuarta.- A conclusión deste convenio entre o Concello de Vigo e o Conservatorio Profesional de Música de Vigo non exclue nin limita posibilidade de que o Concello de Vigo conclúa con outras persoas físicas ou xurídicas, asociacións ou institucións tanto públicas como privadas, dedicadas música, convenios con idéntico obxecto ao que é obxecto do presente.*

*Quinta.- Os problemas de interpretación e cumprimento do convenio que poidan presentarse durante a vixencia do mesmo serán resoltos por unha comisión mixta formada polo Concelleiro-Delegado de Distritos e o Vicedirector do Conservatorio Profesional de Música de Vigo.*

*Sexta.- O presente convenio terá unha vixencia de dous anos prorrogándose automaticamente por periodos anuais se ningunha das partes denuncia a prorroga do convenio no mes anterior a expiración do prazo da súa vixencia ou das súas eventuais prórrogas.*

*En proba da conformidade co contido deste convenio o firman os comparecentes no lugar e data arriba indicadas.*

2º.- Quedar enterada da Resolución da Alcaldía de data 17.06.09, con base no informe do titular da Asesoría Xurídica, do 16.06.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Distritos, que di o seguinte:

*Vista a comunicación feita polo Vicedirector do Conservatorio Profesional de Música de Vigo, sobre a posibilidade de contar nas cerimonias matrimoniais que autorice por si ou por delegación o alcalde deste Concello de Vigo cos servizos de cuartetos de corda —dous violíns, viola e violoncello—, de clarinetes, ou de dúos de corda, compostos por dous violíns, violín e viola ou violín e violoncello, cuxo prezo para os contraines sería de 30 € por participante na agrupación musical; comunicación da que se da conta pola Concellería de Distritos a esta Asesoría Xurídica, emítase por esta o seguinte*

#### INFORME

*O artigo 51 do Código Civil reconece como autoridade competente para autorizar a celebración dos matrimonios civís ao alcalde do municipio donde se celebre o matrimonio e ao concelleiro en quen este delegue.*

*No exercizo desta competencia o alcalde do Concello de Vigo e, pola súa delegación, distintos concelleiros da Corporación veñen autorizando a celebración de bodas civís na Casa do Concello, nas dependencias municipais da rúa Areal 16 e no Pazo de Quiñones de León.*

*A cerimonia da prestación do consentimento matrimonial, sexa relixiosa ou civil, é o evento social máis importante na vida das persoas, que, como momento de celebración que é, adoita revestirse e rodearse de especiais formas e elementos encaminados a convertila nun momento cálido e inolvidable. Un destes elementos é o musical, presente nas ocasións festivas de tódalas culturas.*

*Co obxecto de proporcionar aos contraines das bodas civís que autoricen as autoridades municipais da cidade a posibilidade de disfrutar na cerimonia da prestación do consentimento matrimonial dun entorno musical axeitado ao dito momento, o Conservatorio Profesional de Música de Vigo ofrece a este Concello de Vigo a coordinación e contacto con diferentes agrupacións musicais do centro (cuartetos de corda —dous violíns, viola e violoncello—, de clarinetes, ou dúos de corda, compostos por dous violíns, violín e viola ou violín e violoncello) co obxecto de que os contraines poidan dispoñer do devandito acompañamento musical na celebración do seu enlace matrimonial, por un prezo moi asequible de 30 € por participante na agrupación musical.*

*Pero, a posibilidade que se ofrece de contar con tales agrupacións musicais supón igualmente para os novos valores do Conservatorio Profesional de Música de Vigo a oportunidade de desempeñar de xeito profesional o fruto do seu traballo, o que implica non so unha forma máis de completar a súa aprendizaxe musical, senón, tamén e sobre todo, un estímulo máis para o conxunto do alumnado do Conservatorio na súa aprendizaxe.*



*Toda vez que, de conformidade co artigo 25 LRBRL, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal e sendo propósito do Concello de Vigo facilitar aos contraines das bodas civís que autoricen as autoridades municipais o coñecemento da dita posibilidade, así como estimular a aprendizaxe do alumnado do Conservatorio Profesional de Música de Vigo e proporcionarlle a oportunidade de completar a súa formación mediate a interpretación musical nestos actos, entende esta Asesoría Xurídica que procede que pola Alcaldía-Presidencia se adoite a seguinte*

#### RESOLUCIÓN

*Primeiro.- O Concello de Vigo, con ocasión das solicitudes que se lle formulen para a celebración de matrimonios civís que autorice o Alcalde ou o concelleiro no que este delegue comunicará aos contraines a posibilidade de contar na cerimonia do matrimonio cos servizos das agrupacións musicais que van ditas na parte expositiva desta resolución, polo prezo tamén indicado, a cuxo efecto deberán dirixirse a Vicedirección do Conservatorio Profesional de Música para dispoñer de tal servizo*

*Segundo.- A este fin o Concello de Vigo, nas cerimonias matrimoniais que se celebren na Casa do Concello, nas dependencias municipais da rúa Areal 16 ou no Pazo de Quiñones de León, disporá un espacio axeitado ao emprazamento da agrupación musical que poida concorrer ao acto.*

*Terceira.- A presente resolución non exclue nin limita a posibilidade de que o Concello de Vigo, con relación a outras persoas físicas ou xurídicas, asociacións ou institucións tanto públicas como privadas, que gocen da necesaria solvencia musical, adoite resolucíons ou conclúa convenios con idéntico obxecto ao que é o desta resolución.*

*Cuarta.- Da presente resolución darase conta a Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.*

#### **21(946).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN VECIÑAL DE TEIS PARA O ANO 2009. EXPTE. 4091/320.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 17.06.09, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 4.06.09, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a “Asociación de Veciños de Teis” (CIF 36646545).

2º.- Autorizar o gasto de 55.000 € con cargo á partida 4631.4890007 “Convenio Asociación Veciños Teis”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2009.

3º.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

*CONVENIO DE COLABORACIÓN CONCELLO DE VIGO - ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE TEIS  
PARA O USO E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES NO CENTRO CÍVICO DE TEIS*

*En Vigo, -----de----- de dous mil nove*

*REUNIDOS*

*Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.*

*Doutra parte, D. Antonio Collazo Collazo con DNI 35891051-B, en calidade de Presidente da Asociación de Veciños de Teis (CIF.- G-36646545) con domicilio social na rúa Gerardo Campos Ramos, nº 2, de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta da certificación que figura na documentación do expediente núm. 4091-320.*

*Tendo, daquela os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

*MANIFESTAN*

*I.- Que a entidade “Asociación de Veciños de Teis, conforme ao establecido nos seus estatutos asume, entre outros, os seguintes fins e actividades:*

- Educativas, deportivas, lúdicas e culturais, encamiñadas a cubrir as necesidades dos/as asociados/as, así como, dirixidas a achegar recursos para cumprir cos fins fundacionais.*
- Fomentar a recuperación da cultura galega e a normalización da nosa lingua.*
- Promover e apoiar a formación permanente fomentando a educación cara ó ocio e as actividades ocupacionais nas mulleres adultas da nosa parroquia.*
- Defender, fomentar e mellorar os intereses das mulleres (promovendo formación, información, asesoramento, etc.)*
- Fomentar na xuventude actuacións tendentes a xerar actitudes de prevención ante os riscos da saúde, o consumo e a publicidade, fomentando a educación para o ocio e as actividades ocupacionais nos mozos.*

*Actividades todas elas de gran interese para a veciñanza, tanto do barrio de Teis, coma para os restantes veciños e veciñas da cidade , e que tendo en conta as instalacións de que dispón o Concello de Vigo no Centro Cívico e a posibilidade de acoller a organización de ditas actividades, así como, a co-xestión do centro constitúen o obxecto do convenio.*

*II.- Que o Concello de Vigo dispón no barrio de Teis dun Centro Cívico; infraestrutura sociocomunitaria de proximidade á cidadanía, destinada a cubrir a iniciativa social, cultural, educativa e comunitaria no sentido mais amplo do termo, onde a cidadanía establece as súas primeiras demandas, o que posibilita un lugar aberto de información, formación e ocio para todo o conxunto da poboación.*

*Na vontade de afondar nas súas relacións o Concello de Vigo e a Asociación de Veciños de Teis, mediante este convenio, establecen as canles de colaboración na planificación e programación xeral do Centro Cívico de Teis e nas actividades e proxectos concretos que desa planificación e programación deriven, así como, as accións encamiñadas ao mantemento e conservación do inmovible.*

*III.- Que o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 4631.4890007, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 55.000,00 € a favor da Asociación de Veciños de Teis.*

*IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedinte, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización e execución dos programas de actividades no Centro Cívico de Teis a realizar pola Asociación de Veciños de Teis segundo a memoria que se achega na documentación complementaria a este convenio.*

*V.- Que a entidade Asociación de Veciños de Teis, non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de Subvencións de Galicia, atopase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran xunto co expediente.*

*VI.- Que en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade “Asociación de Veciños de Teis”, o Concello de Vigo e a devandita asociación conveñen a súa colaboración no ámbito sociocomunitario e a concesión da referida subvención en base aos seguintes*

#### **PACTOS**

*Primeiro.- A entidade “Asociación de Veciños de Teis” comprométese a colaborar coa concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo para establecer as bases de colaboración na organización e execución dos programas de actividades que se levan a cabo no Centro Cívico de Teis, así como, regular as condición de uso, mantemento e conservación da infraestrutura municipal, e concretamente:*

- 1. A Asociación de Veciños de Teis comprométese á organización e execución do programa e proxectos que se achegan na documentación complementaria ao convenio, co fin de destinar esta infraestrutura aos fins de interese xeral e social en beneficio dos intereses xerais dos veciños e sectoriais da asociación.*
- 2. Estará obrigada a subscribir un seguro de responsabilidade civil xeral, incluíndo a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros na súa condición de usuario da propiedade municipal e tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Así mesmo incluírá a responsabilidade civil que ampare calquera danos que poida ocasionar ó local polos actos u omisión de carácter negligente cun límite de indemnización mínima de 300.506 euros.*
- 3. Contratará unha póliza de seguro de incendio e roubo para o continente e o contido.*
- 4. Farase cargo dos gastos derivados da programación das actividades en xeral e en particular aqueles de mantemento e conservación das infraestruturas e do equipamento, así como os*

*consumos de teléfono que teña o centro, consumibles e papel da fotocopiadora, no seu funcionamento xeral.*

5. *Contratar a necesaria asistencia técnica para o manexo da maquinaria escénica, equipos de luz e son e audiovisuais do auditorio-teatro, derivada da programación dos actos propios como do resto de entidades usuarias do centro*
6. *Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, as memorias parciais e final, xunto co balance anual de xestión e económico, así como o inventario actualizado das dotacións e instalacións, deixando constancia do estado de conservación das mesmas.*
7. *Participará de forma activa na Comisión de Seguimento prevista neste Convenio.*
8. *Informar, colaborar e implicar as diferentes entidades do barrio no proxecto do centro e na súa xestión.*
9. *A Asociación velará polo bo uso e conservación de todas as instalacións que conforman o centro, así como, do mobiliario e do material para as actividades existentes.*
10. *Coordínase e colaborar cas diferentes entidades e grupos do barrio para a realización de actividades.*
11. *Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados do desenvolvemento das actividades.*
12. *Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.*
13. *Comezar as actividades á hora anunciado ao público, comprobando ca antelación suficiente o correcto funcionamento das instalación e equipamentos, e realizando as correccións técnicas que resulten necesarias.*
14. *Devolver os espazos cedidos, o seu equipamento e instalacións, nas mesmas condicións da entrega. A tal fin, velará polo bo uso e conservación das instalacións cedidas, así como do mobiliario e do material necesarios para as actividades, restituíndo as perdas ou deterioro do material e instalacións.*
15. *Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.*
16. *Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, respectando en todo momento a imaxe corporativa da concellería de Participación Cidadá do Concello de Vigo.*
17. *Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Outras funcións da Asociación de Veciños de Teis derivadas deste convenio serían:*

- *A xestión da cesión temporal en uso dos espazos comúns e material auxiliar do centro a toda a cidadanía e entidades públicas ou privadas conforme aos criterios establecidos nas normas de réxime interno. Exclúese da cesión, a realización de actividades con ánimo de lucro, as da venda directa, indirecta ou promoción de artigos de consumo, e as que atente contra os principios constitucionais e dereitos humanos.*
- *Non se poderá retirar o material auxiliar do centro sen a previa autorización escrita da Concellería de Participación Cidadá.*
- *Xestionar os permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- *Ofrecer soporte técnico e asesoramento os proxectos e actividades de carácter sociocultural a outras Entidades, facilitándolle a súa realización no centro cívico.*

*Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:*

1. *Achegar o material, mobiliario e infraestruturas necesarias para un correcto funcionamento do equipamento:*

Dentro da infraestrutura emprázanse os seguintes espazos destinados xunto co seu equipamento e instalacións, á prestación dos seguintes servizos:

EDIFICIO DE SERVIZOS:

Planta semisoto:

Unha sala de reunións polivalente.  
Un taller de cociña.  
Un despacho de administración e xestión.

Planta baixa:

Un centro de atención municipal (CAM).  
Unha oficina de administración e xestión.  
Unha sala relacional e de encontro.

Planta primeira:

Unha aula centro de internet de novas tecnoloxías de comunicación e a información.  
Dúas aulas de formación.  
Unha sala de estudos/biblioteca.

Planta segunda:

Unha documenteca asociativa.

AUDITORIO:

Un auditorio-teatro.  
Unha sala de conferencias.  
Unha sala de exposición temporais.  
Dúas cabinas de control de luz, son e imaxe.  
Unha taquilla para despacho de entradas.

OUTRAS INSTALACIÓNS:

Pista polideportiva cuberta con vestiarios e peche perimetral.  
Parque infantil.

Os espazos adicados a Servizos de xestión municipal directa: Centro de Atención Municipal, e Documenteca Asociativa, serán considerados como centros de custo diferenciado e por tanto, non serán imputable ao presuposto xeral do centro, quedando fora do ámbito de aplicación do presente convenio.

O centro permanecerá aberto 55 horas e trinta minutos semanais, de luns a venres: de 9,00 a 13:30 e de 17:00 a 22:00 horas, sábados de 10,30 a 13,30 e de 17,00 a 22,00 horas, excepto os festivos. Consideraranse períodos de vacacións aqueles que así se determine polo calendario oficial e concretamente o mes de agosto, o Nadal e a semana santa.

Ao marxe deste horario de apertura do equipamento, este poderase utilizar fóra do horario habitual, previa autorización dos órganos de xestión do centro. Este tipo de uso e procedemento a seguir quedará regulado no regulamento provisional de réxime interno do centro, en tanto non se aprobe un definitivo polo órgano municipal competente.

2. Facerse cargo dos gastos de mantemento das zonas axardinadas, instalacións fixas (elevador, sistemas de protección contra incendios, roubo e intrusión, grupo electrógeno, aire climatizado), vixilancia e seguridade, limpeza, consumo de auga, subministracións de electricidade que teña o centro no seu funcionamento xeral. Asemade será por conta do

*Concello os gastos da liña ADSL, do teléfono e do fax do Centro de Atención Municipal, e do mantemento da fotocopiadora ata un máximo de 30.000 uds.*

- 3. Asumir os gastos de investimento non ordinario para obras de mellora, conservación e mantemento das infraestruturas do Centro Cívico. Así como a adquisición e modificación das instalacións e aparatos de control dos subministros que sexan necesarios incorporar para garantir o bo funcionamento das prestacións.*
- 4. Conceder directamente á entidade “Asociación de Veciños de Teis” unha subvención por importe de 55.000,00 € co obxecto de coadxugar ao financiamento dos gastos derivados da xestión realizada pola asociación para o cumprimento do establecido neste convenio.*

*Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.*

*A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.*

*En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada; suposto no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

*Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Quinto.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución das actividades que constitúen o obxecto da subvención.*

*Sexto.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade do financiamento municipal nas actividades subvencionadas mediante a inserción do logo da concellería de Participación Cidadá subministrado polo servizo xestor do convenio en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, así como, cumprir os seguintes puntos:*

- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estarán integramente en idioma galego.*
- O concelleiro de Participación Cidadá dará a súa conformidade ás probas dos recursos publicitarios que se empreguen.*
- Do orzamento de cada unha das actividades deberá adicarse un mínimo dun 10% do seu gasto a sistemas de difusión e información das mesmas.*
- De todo o material editado, entregaranse 5 exemplares ao Concello.*
- As actividades, servizos ou produtos ofertados pola Asociación poderá conlevar unha achega económica por parte dos usuarios e usuarias, co obxecto de financiar o seu custo (billetes, entradas, rifas, etc...). Neste caso, a Asociación solicitará previamente, a*

conformidade da Concellaría de Participación Cidadá, dos correspondentes prezos para cada un dos casos.

- A difusión nos medios de comunicación das informacións sobre as actividades programadas, mediante roldas de prensa, entrevistas, traballos, difusión de noticias, etc, deberán estar previamente acordadas coa concellaría de Participación Cidadá.
- Todo material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.

Sétimo.- Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- O concelleiro de Participación Cidadá, que ostentará a Presidencia.
- Tres vocais:
  - Un/unha funcionario/a adscrito a dita Concellería
  - Dous a membros da Xunta directiva da Asociación de Veciños de Teis.

Actuará como Secretario da Comisión un representante da Asociación de Veciños de Teis, membro da xunta directiva, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- a) Supervisar e aprobar o programa ou proxecto de actividades que elabore a Asociación de Veciños para cada trimestre no que en todo caso figurará unha Memoria e un presuposto.
- b) Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.
- c) Propoñer ó Concello os traballos necesarios de mantemento e conservación do inmovible.
- d) Controlar o bo estado do equipamento e propoñer ó Concello as adquisicións necesarias.
- e) Supervisar o cumprimento do programa anual de actividades e de mantemento do centro.
- f) Procurar a participación doutras entidades públicas e privadas no financiamento e desenvolvemento dos programas e actividades.
- g) Elaborar un regulamento de réxime interno do centro.

Oitavo.- A presente subvención non está suxeita aos requisitos de publicidade recollidos no art. 15 da Lei Galega de Subvencións ao tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa nos orzamentos municipais como se prevé no art. 15.2.a) da citada Lei.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. Tendo en conta que o obxecto do convenio é o financiamento de actividades de carácter anual e para facilitar a execución dos programas proxectados, estimase pertinente levar a cabo o abono da subvención mediante pagamentos a conta que se aboaran por contía equivalente á xustificación presentada.

A xustificación das entregas a conta realizarase pola “Asociación Veciñal de Teis” mediante a presentación das correspondentes contas xustificativas parciais das actividades realizadas ata ese momento, e correspondendo aos seguintes períodos:

- Memoria parcial correspondente ao primeiro semestre do ano 2009
- Memoria parcial correspondente ao segundo semestre do ano 2009.

*A última memoria parcial, coa súa correspondente conta xustificativa, presentarase no prazo máximo de un mes desde a finalización do convenio e deberá incluír a memoria final relativa ao cumprimento total das actividades obxecto de convenio.*

*As contas xustificativas da subvención outorgada conterán a seguinte documentación e información:*

- a) Solicitud de liquidación final.*
- b) Memoria descriptiva das actuacións xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, a ser posible, a seguinte información:*
  - 1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
  - 2. Datas e lugar de celebración.*
  - 3. Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
  - 4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
  - 5. Actuacións realizadas.*
  - 6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
  - 7. Relación numerada correlativamente de todos e cada un dos documentos xustificativos que se presenten, con identificación do acredor, obxecto facturado, importe, data e forma de pago. Nas facturas se computará o gastos acreditados deducido o IVE, salvo que a entidade ou asociación acredite que está exenta de IVE, xa que en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.*
  - 8. Facturas ou documentos xustificativos orixinais (posible devolución conforme ao apartado 8.1)), polo importe total da subvención outorgada.*
    - 1. Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser estampillados polo Servizo de Participación Cidadá, mediante un selo existente ao efecto, no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificantes imputouse total ou parcialmente á subvención.*
    - 2. Os gastos realizados se acreditarán mediante facturas con todos os seus elementos e en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa. Os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (R.D. 1496/2003), considerándose imprescindible que recolla o nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base imponible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.*
    - 3. As facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención, aínda que esta cantidade non sexa imputable á subvención a xustificar.*



9. *Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.*
10. *Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*
  1. *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.*
  2. *Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
  3. *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.*
  4. *Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 la Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).*

*Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.*

*Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen ao longo do ano 2009.*

*No suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, a entidade beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.*

*A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.*

*Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá. O xefe do servizo de Participación e Atención Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.*

*Décimo terceiro.- A entidade beneficiaria deberá facilitar a programación trimestral de actividades con indicación como mínimo da denominación da actividade, datas e horario, e emprazamento da actividade, así como, toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de*

*Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.*

*Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.*

*Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.*

*Décimo quinto.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.*

*Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.*

*A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo.*

*Décimo sétimo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.*

*E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2009.*

**22(947).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO PARA O ANO 2009. EXPTE. 4846/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 14.05.09, o informe de fiscalización do 19.06.09, e de acordo co informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 6.03.09, conformado pola delegada da Área de Patrimonio Histórico en dita data, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo para o ano 2009.

2º.- Aprobar o gasto de 96.162 euros, con cargo á partida 4531.4890000 do vixente orzamento xeral do Concello, cantidade correspondente á aportación económica municipal a dito Convenio.

Na Casa do Concello de Vigo, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_ de dousmil nove

#### REUNIDOS

*Dunha parte, don Santiago Domínguez Olveira, na súa calidade de Tenente Alcalde do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 5 de xullo de 2007, sobre delegación de atribucións no Tenente Alcalde e demais Delegados de Área.*

*Doutra, don Olimpio Liste Regueiro como presidente da Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo, CIF nº G-36.855.310, e enderezo social en Vigo, na rúa da Pastora, nº 22, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos.*

*Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio*

#### MANIFESTAN

*I.- Que a Fundación Liste foi clasificada de Interese Cultural por Orde da Consellería da Presidencia e Administración Pública de 1 de setembro de 1999, e declarada de Interese galego pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, o 18 de outubro de 1999. As súas finalidades prioritarias son a promoción e difusión do Patrimonio etnográfico galego e a xestión do Museo Etnográfico de Vigo, e para o seu cumprimento, o 17 de novembro de 2000 asinouuse entre o Concello de Vigo e a Fundación un convenio-marco no que se comprometía unha aportación económica anual do Concello de Vigo á Fundación ata fins de 2003 de xeito que se garantizaba o seu normal funcionamento.*

*II.- Que o Concello de Vigo é cofundador da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, conforme á súa Acta Fundacional, xunto a D. Olimpio Liste Regueiro e a súa esposa Dna. Josefina Fernández Mosquera.*

*Dende a súa creación, a Fundación ven conquirido distintas aportacións económicas doutras entidades públicas e privadas, aínda que o soporte económico procedente do Concello de Vigo segue a ser vital para o cumprimento das súas finalidades e o desenvolvemento do proxecto cultural que representa, polo que esta contribución económica municipal sucedese de xeito continuado dende o ano 2000.*

III.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, aprobado por acordo plenario de 22 de decembro de 2008, na partida 4531.4890000, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 96.162. €, a favor da Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo .

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervinetes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é garantir o normal funcionamento da Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo, a través da aportación económica do Concello de Vigo.

V.- Que a Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que se acompañan no expediente 4846/307.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo, o Concello de Vigo e dita entidade conveñen a súa colaboración e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

#### PACTOS

Primeiro.- A Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo comprométese a colaborar coa Concillería de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo en canto a:

1º- Cumprir coas finalidades fundacionais recollidas estatutariamente e realizar as xestións, actuacións e programas previstos nos seus orzamentos anuais.

2º- Establecer a entrada gratuíta ao Museo Etnográfico Liste de Vigo para as asociacións da terceira idade do Concello de Vigo, así como para os grupos de escolares procedentes de Centros educativos do termo municipal de Vigo.

3º- Colaborar co Concello de Vigo no establecemento de mecanismos de coordinación no ámbito da protección, conservación e difusión do Patrimonio Etnográfico.

4º- Participar na Comisión de Seguimento recollida na cláusula terceira deste Convenio. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1º.- Colaborar coa Fundación no desenvolvemento dos seus fins e obxectivos, especialmente fomentando a colaboración cos servizos e equipamentos municipais relacionados coa etnografía.

2º.- Participar na Comisión de Seguimento recollida na cláusula terceira deste Convenio.

3º.- Conceder directamente á Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo, unha subvención por importe de 96.162 euros, co obxecto garantir o normal funcionamento da Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo.

Terceiro.- Para o seguimento deste convenio, así como para a resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constituirase unha Comisión de Seguimento, que estará composta a partes iguais por persoas designadas polo Concello e pola Fundación.

As características desta Comisión son as seguintes:

- Servir de comisión de seguimento do cumprimento do estipulado neste Convenio.

- Establecer mecanismos de coordinación coas entidades que traballan no ámbito da protección, conservación e difusión do Patrimonio Etnográfico, e moi en especial co Centro de Artesanía Tradicional, equipamento municipal encargado da promoción, divulgación e investigación dos oficios tradicionais de Galicia.

- Propoñer aos órganos que correspondan do Concello de Vigo e ao Patronato da Fundación novas iniciativas no eido da protección, conservación e difusión do patrimonio etnográfico.

Cuatro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Quinto.- O pagamento farase do xeito seguinte:

- O 50% do importe total (48.081 euros) á sinatura do convenio, para facer fronte aos gastos xerados polo normal funcionamento da Fundación Liste – Museo Etnográfico de Vigo, obxecto do presente convenio.
- O 50% restante (48.081 euros), unha vez presentado os seguintes documentos: aprobación da liquidación dos orzamentos da Fundación do ano 2008; aprobación dos seus orzamentos de 2009 e acreditación da presentación destes dous documentos perante dos órganos competentes en materia de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia.

A xustificación desta subvención por parte da Fundación deberá comprender a documentación que xustifique os gastos efectuados con cargo á mesma, así como unha memoria das actividades realizadas, de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións .

*Sexto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .*

*A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.*

*Sétimo.- A beneficiaria debe dar a axeitada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante o logotipo e identificación da Concellería de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo.*

*Oitavo.- A beneficiaria, no prazo de 3 meses a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

*A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.*

*As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.*

*Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.*

*Noveno.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.*

*Décimo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2009 e o 31 de decembro de 2009.*

*Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Patrimonio Histórico. O xefe do servizo de Patrimonio Histórico emitirá informe ao respecto facendo constar,*

no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Patrimonio Histórico e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Patrimonio Histórico.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Patrimonio Histórico do Concello de Vigo.

Décimo séxto.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, \_\_\_\_\_ de 2009.

**23(948).- PROPOSTA DE INCOACIÓN DE DILIXENCIAS INFORMATIVAS SOBRE FEITOS DENUNCIADOS SUPOSTAMENTE COMETIDOS POR FUNCIONARIO DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 33999/212.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do superintendente xefe da Policía Local, do 18.06.09, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Ordenar a incoación de dilixencias informativas sobre os feitos expostos no informe de 14 de abril de 2009 do Oficial responsable dá EVAP, para millor prover en canto a existencia de indicios de responsabilidade disciplinaria e dos funcionario/as que poidan incorrer na mesma.

2º.- Nomear instrutor das mesmas ao funcionario de carreira con posto de traballo de Asesor Xurídico dá Policía Local, D. Antonio Viveiro Mijares; e como secretario ao funcionario de carreira con posto de traballo de Inspector Principal dá Policía Local, D. Alberto Freire Estévez.

**24(949).- PROPOSTA DE INCOACIÓN DE DILIXENCIAS INFORMATIVAS SOBRE FEITOS DENUNCIADOS SUPOSTAMENTE COMETIDOS POR FUNCIONARIO DA POLICÍA LOCAL. EXPTE. 34000/212.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do superintendente xefe da Policía Local, do 18.06.09, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Ordenar a incoación de dilixencias informativas sobre os feitos denunciados o pasado 10 de febreiro 2009 por D<sup>a</sup>. Ana María Vila Rodríguez con D.N.I. 35.983.763-X, para millor prover en canto a existencia de indicios de responsabilidade disciplinaria do funcionario de carreira con posto de traballo de Inspector, D. José Manuel Vázquez Varela.

2º.- Nomear instrutor das mesmas ao funcionario de carreira con posto de traballo de Asesor Xurídico dá Policía Local, D. Antonio Vivero Mijares; e como secretario ao funcionario de carreira con posto de traballo de Inspector Principal dá Policía Local, D. Alberto Freire Estévez.

**25(950).- SOLICITUDE DE COMPLEMENTO DE DESTINO PERSOAL DE ALTO CARGO DE D<sup>a</sup>. YOLANDA AGUIAR CASTRO. EXPTE. 19145/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 30.06.09, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:



## ANTECEDENTES

- Con data 1 de abril do 2009 a funcionaria municipal D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro, con nº de persoal 19258, presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo con doc. nº: 90045614, solicitude para que se lle recoñeza o complemento de destino equivalente ao fixado para directores xerais na Lei de Orzamentos Xerais do Estado, por haber desempeñado o cargo de Directora do Gabinete de Presidencia do Parlamento de Galicia co carácter de persoal eventual dende o 21 de xullo de 2005 ao 31 de marzo de 2009, producíndose o reingreso a este Concello por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de abril de 2009, en base ao disposto no Estatuto de Persoal do Parlamento de Galicia, que dispón que aos postos de traballo que teñan a consideración de alto cargo lle será de aplicación o artigo 33.2 da Lei de Orzamentos do Estado para o ano 1991.

Adxunta á súa solicitude Certificación do Interventor Xeral do Parlamento, de desempeño con carácter de persoal eventual do cargo de Directora do Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia dende o 21 de xullo de 2005 ata o 31 de marzo do 2009, así como copia do acordo da Mesa do Parlamento do día 15 de abril de 2008, sobre nomeamento de altos cargos e Certificación de Servizos Previos.

Por Acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xuño de 2009 desestímase a petición da solicitante en canto ao recoñecemento do nivel 30 de complemento de destino e se lle recoñece a consolidación do grao de persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 26, máximo previsto para o grupo A2 (antigo B).

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

I.- O Beneficio económico de Complemento Retributivo de altos cargos ten a súa orixe no artigo 33.2 da Lei 31/1990 de 27 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 1991 que establecía para o ámbito da Admón. Xeral do Estado, este complemento. Actualmente é o propio Estatuto Básico do Empregado Público (en adiante E.B.E.P.), aprobado pola Lei 7/2007 de 12 de abril (B.O.E. nº 89 de 13 de abril de 2007) o que no seu artigo 87 dentro do título VI, relativo a situacións administrativas, establece nos seus apartados 3 e 4:

“ 3. Quienes se encuentren en situación de servicios especiales tendrán derecho, al menos, a reintegrarse al servicio activo en la misma localidad, en las condiciones y con las retribuciones correspondientes a la categoría, nivel o escalón de la carrera consolidados, de acuerdo con el sistema de carrera administrativa vigente en la Administración Pública a la que pertenezcan. Tendrán asimismo, los derechos que cada Administración Pública pueda establecer en función del cargo que haya originado el pase a la mencionada situación. En este sentido las Administraciones Públicas, velarán para que no haya menoscabo en el derecho a la carrera profesional de los funcionarios públicos que hayan sido nombrados altos cargos, miembros del Poder Judicial o de otros órganos constitucionales o estatutarios o que hayan sido elegidos Alcaldes, retribuidos y con dedicación exclusiva, Presidentes de Diputaciones o Cabildos o Consejos Insulares, Diputados o Senadores de las Cortes Generales y Miembros de las Asambleas Legislativas de las Comunidades Autónoma. Como mínimo estos funcionarios recibirán el mismo tratamiento en la consolidación del grado y conjunto de complementos que el que se establezca para quienes hayan sido Directores Generales y otros cargos superiores de la correspondiente Administración Pública.

4. La declaración de esta situación procederá en todo caso, en los supuestos que se determinen en el presente Estatuto y en las Leyes de Función Pública que se dicten en desarrollo del mismo”

*O recoñecemento do dereito á percepción do complemento de destino correspondente ao grao persoal incrementado na cantidade necesaria para igualalo ao valor do complemento de destino ou cantidade equivalente que a Lei de Orzamentos do Estado fixa anualmente para os Directores Xerais da Administración do Estado, non é aplicable á solicitante, funcionaria desta Administración Local xa que este beneficio económico non ten o carácter de básico e o seu ámbito de aplicación circunscríbese á Administración Xeral do Estado tal e como confirmou a xurisprudencia, sobre todo a partir da Sentenza do Tribunal Constitucional 202/2003 de 17 de novembro, sinalando que “... es pues evidente que el legislador estatal, en primer lugar tan sólo ha declarado básicos en materia de retribuciones el derecho de los funcionarios al percibo al menos del complemento de destino correspondiente a su grado personal, así como los distintos conceptos retributivos que integran la nómina de los funcionarios públicos (arts. 21.2 a), 23 y 24 de la Ley 30/1984). Y, en segundo lugar, que, a pesar de que en el art. 33.2 de la Ley 31/1990 ha establecido una retribución específica para los funcionarios que han sido alto cargo en la Administración, el legislador estatal no la ha declarado básica.*

*En consecuencia, habiendo establecido el legislador postconstitucional de manera aparentemente completa e innovadora las “bases del régimen de retribuciones” del estatuto funcional y, en particular, por lo que aquí más nos importa, el complemento de destino en los arts. 21.2 a) 23.3 a) y 24.2 de la Ley 30/1984, no cabe atribuir, de conformidad con la doctrina sentada en las SSTC 37/2002, de 14 de febrero, y 1/2003, de 16 de enero, naturaleza básica al incremento retributivo que establece el citado art. 33.2 de la Ley 31/1990 sobre el complemento de destino correspondiente al grado personal de los funcionarios que han sido alto cargo, “al no haber sido declarado expresamente como básico por el legislador estatal postconstitucional, ni poder inferirse dicho carácter de su posible consideración como complemento necesario de las normas básicas postconstitucionales, al no existir dato alguno que permita deducir de manera cierta y clara que el legislador postconstitucional no haya pretendido agotar la regulación de los aspectos básicos que ha estimado básicos de la materia” (...)*

*De lo anteriormente expuesto resulta, de un lado, que el artículo 33.2 de la Ley 31/1990, de 27 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para 1991 no tiene carácter básico y, por tanto sólo resulta de aplicación a quienes literalmente vienen recogidos en el supuesto de hecho”.*

*Co mesmo criterio sobre a negación do carácter básico deste dereito, pronunciáronse diversas sentenzas dos Tribunais Superiores de Xustiza: STSJ do País Vasco, Sección 3ª de 8/9/2006, STSJ de Baleares, Sección 1ª de 18/5/2005, STSJ de Canarias, Sección 2ª de 21/3/2006 e STSJ de Castilla León, Sección 1ª de 31/1/2006.*

*II.- Ao resultar inaplicable á solicitante o dereito recoñecido no artigo 33.2 da Lei 31/1990 de 27 de decembro de Orzamentos Xerais do Estado, como xa se expuxo no fundamento anterior; cabería a posibilidade de que lle fora de aplicación (aínda que no escrito de solicitude non se menciona) como fonte de nacemento do pretendido dereito a disposición adicional Décimo Sétima do Decreto Lexislativo 1/2008 de 13 de marzo (D.O.G.A. 13 de xuño 2008), polo que se aproba o texto refundido da Lei de Función Pública de Galicia que literalmente establece:*

*“ O persoal funcionario de carreira que, a partir da entrada en vigor da Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aprobou o Estatuto de Autonomía para Galicia, desempeñe ou tivese desempeñado durante máis de dous anos continuados ou tres con interrupción postos de traballo como directora ou director xeral ou persoa xerárquicamente superior, directora ou director xerente de órganos*

*ou entidades públicas ou postos na Administración pública incluídos no ámbito de aplicación da Lei de incompatibilidades de altos cargos, percibirá desde a súa reincorporación ao servizo activo e mentres se manteña esta situación, o complemento de destino correspondente ao posto de traballo que desempeñen ou, se é o caso, ao do seu grao persoal, incrementado na cantidade necesaria para igualalo ao valor do complemento de destino, ou concepto equivalente que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado fixe para as directoras e os directores xerais, e a suma de ambos os conceptos non poderá ser inferior ao importe do complemento de destino que perciban as persoas funcionarias que acrediten o nivel máximo establecido legalmente.”*

*Precepto que tampouco e aplicable á funcionaria da Administración Local como se desprende do propio artigo 3 do citado Decreto Legislativo 1/2008 ao fixar o ámbito de aplicación que establece:*

*“1. Esta lei élle aplicable a todo o persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e aos seus organismos autónomos.*

*2. No que non está reservado á lexislación do Estado, aplicaráselle esta Lei ao persoal da Administración Local.”*

*Efectivamente, non se pode descoñecer que o ámbito normativo reservado ao Estado comprende a regulación das bases do réxime estatutario dos funcionarios , e que dentro dese ámbito do básico reservado ao Estado, sitúase o E.B.E.P. e a Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, establecendo no seu artigo 93 que as Corporacións Locais reflectirán anualmente nos seus Orzamento a cuantía das retribucións dos seus funcionarios nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública. Literalmente establece:*

*“1.- Las retribuciones básicas de los funcionarios locales tendrán la misma estructura e idéntica cuantía que las establecidas con carácter general para toda la función pública.*

*2.- Las retribuciones complementarias se atenderán, asimismo, a la estructura y criterios de valoración objetiva del resto de los funcionarios públicos. Su cuantía global será fijada por el Pleno de la Corporación dentro de los límites máximos y mínimos que se señalen por el Estado.*

*3.- Las Corporaciones Locales reflejarán anualmente en sus Presupuestos la cuantía de las retribuciones de sus funcionarios en los términos previstos en la Legislación Básica sobre función pública.”*

*En similares termos, que veñen a reforzar a plena aplicabilidade da normativa estatal neste aspecto, recóllese na Lei 5/1997 da Lei de Administración Local de Galicia que no seu artigo 236 preceptúase:*

*“1. As retribucións básicas dos funcionarios terán a mesma estrutura e idéntica contía que as establecidas con carácter xeral para toda a función pública.*

*2. As retribucións complementarias ateranse, así mesmo, á estrutura e criterios de valoración obxectivos dos do resto dos funcionarios públicos. A súa contía será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites legais.*

3. As Corporacións Locais reflectirán anualmente nos seus orzamentos a contía das retribucións dos funcionarios nos termos previstos na lexislación básica sobre función pública.”

III.- O que si é básico e ten dereito a solicitante é a consolidación do grao persoal máximo previsto legalmente para o seu corpo ou escala nesta Administración Local á que se reincorpora que ao estar encadrada no grupo de titulación A2 (antigo grupo B), o máximo consolidable é o nivel 26 tal e como lle foi recoñecido por acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de xuño de 2009, en base aos acertados fundamentos xurídicos obrantes no Informe-Proposta da Xefa do Servizo de Recursos Humanos de data 15 de xuño do 2009, que ao fin de evitar reiteracións se dan por reproducidos (adxúntase copia de dito acordo da Xunta de Goberno Local no que se desestima o recoñecemento do nivel 30 de complemento de destino e se lle recoñece o nivel 26).

Criterio que por imperativo da normativa aplicable aos funcionarios da Administración Local sobre consolidación do grao persoal no nivel máximo, segundo o grupo de titulación que posúan, vense aplicando aos funcionarios municipais que prestaron servizos de altos cargos noutras administracións, ao solicitar o reingreso nesta Administración Local; e que a xurisdicción Contencioso-Administrativa confirmou (sentenza nº 23/2009, dictada no procedemento abreviado nº 411/2008 do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo).

IV.- A competencia para a resolución da presente solicitude, corresponde á Xunta de Goberno Local de conformidade coas competencias atribuídas no artigo 127.1 g) e h) da Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro de Medidas para a Modernización do Goberno Local, propondo en consecuencia a dito órgano colexiado a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Desestimar a petición de data 1 de abril de 2009, Doc. 90045614 de D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro con nº de persoal 19258, de que se lle recoñeza o complemento de destino incrementado na cantidade necesaria para igualalo ao valor do complemento de destino que a Lei de Orzamentos do Estado fixa anualmente para os directores xerais, por haber desempeñado dende o 21 de xullo de 2005 ata o 31 de marzo de 2009 o cargo de Directora Xeral do Gabinete de Presidencia do Parlamento de Galicia co carácter de persoal eventual; en base aos antecedentes e fundamentos xurídicos expostos.

2.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte á súa notificación ou publicación, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25, e 46 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **26(951).- CONVALIDACIÓN DE GASTO POR IMPORTE DE 45.670,39 € A FAVOR DE UTE IMES-ESYCSA EN CONCEPTO DE “MANTEMENTO TÚNELES E PASOS INFERIORES”. EXPTE. 13003/444.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 5.06.09, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Servizos Xerais, do 2.06.09, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local en data 12/07/04, adxudicou entre outros o Expte. 16.628/240 "Mantemento Integral das Instalacións electromecánicas dos tuneis e pasos inferiores", por un período de 2 anos prorrogable en 2 anos máis.

A última prórroga deste contrato (Expte. 12.198/444), rematou o pasado día 31 de agosto de 2008. Con antelación suficiente, 6 de marzo de 2008, no Servizo de Electro-Mecánicos redactouse o Prego de Prescricións Técnicas, co expte. 12.423/444, remitido posteriormente á Oficina de Contratación o 7 de marzo. Este expediente atópase actualmente na Oficina de Asesoría Xurídica para informe dende o pasado 7 de xullo.

Tendo en conta que as instalacións que regulan o tráfico no interior do túnel deben estar permanentemente controladas e en perfecto estado de funcionamento xa que o contrario suporía un grave perigo para a circulación, e polo que se considera imprescindible que se siga prestando servizo de mantemento a estas instalacións.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local de data 29 de setembro pasado a seguinte proposta:

1º.- Encomendar á UTE Imes-Esycsa, adxudicataria ata o 31 de agosto de 2008 que continúen coa prestación do servizo de mantemento dos Tuneis e pasos inferiores, ata a adxudicación do novo contrato, nos mesmos termos e condicións establecidas no prego que serviu de base para a contratación de tal servizo.

2º.- As certificacións mensuais por prestación do servizo, ao non existir contrato, deberán ser tramitadas mediante expediente de convalidación de gasto sendo financiadas con cargo á partida "Mantemento Túneis e Pasos Inferiores" 4324.227.06.02.

Polo anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local, PROPOSTA:

1º.- Recoñecer unha Convalidación de crédito a favor da UTE Imes-Esycsa, por un importe total de 45.670,39 Euros, correspondente á facturación do mes de maio de 2009, con cargo á partida orzamentaria "Mantemento Túneis e Pasos Inferiores" 4324.227.06.02.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **27(952).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A GALORGO S.A. CONSTITUÍDA POR OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA NA RÚA PI Y MARGALL, 33. EXPTE. 58816/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 23.06.09, que di o seguinte:

Con data 09/10/2006 informouse favorablemente, previa solicitude do departamento de Seguridade, para a instalación dunhas zapatas superficiais na rúa Pi y Margall, 35 constituíndo unha fianza de 20.000 € (vinte mil euros), con número de operación 200600054118 de data 02/11/2006.

*Solicitada a devolución da fianza con data 28/05/2009 e número de documento 90080063 e unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.*

*Na inspección realizada con data 19/06/2009, indícase que o pavimento quedou en perfectas condicións.*

*Polo que, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*Proceder á devolución da fianza de 20.000 € (vinte mil euros), a favor de GALORGO, S.A.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 20.000 € (vinte mil euros), a favor de GALORGO, S.A.

#### **28(953).- PROPOSTA DE INICIO DE PROCEDIMENTOS ADMINISTRATIVOS DE CONSTRINXIMENTO PARA LIQUIDACIÓN DE COTAS DE ENGANCHE ÁS REDES DE SANEAMENTO. EXPTE. 11219/700, 11221/700, 11222/700.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de conformidade cos informes-proposta do tesoureiro municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

- a) Interesar da Tesourería Municipal do Concello de Vigo, tralas comprobacións e informes que estime oportuno recadar, se inicie e desenvolva o procedemento administrativo de constrinximento mediante providencia dictada polo Tesoureiro municipal e notificada o obrigado tributario, que permita a xestión de cobramento das cantidades adebedadas á entidade concesionaria, segundo consta nas certificacións de descuberto polo importe total de 12.113,36 €, en cumprimento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión e con arranxo ó procedemento regulado na Lei xeral tributaria e o Regulamento xeral de recadación. Expte. 11219/700.
- b) Interesar da Tesourería Municipal do Concello de Vigo, tralas comprobacións e informes que estime oportuno recadar, se inicie e desenvolva o procedemento administrativo de constrinximento mediante providencia dictada polo Tesoureiro municipal e notificada o obrigado tributario, que permita a xestión de cobramento das cantidades adebedadas á entidade concesionaria, segundo consta nas certificacións de descuberto polo importe total de 21.873,78 €, en cumprimento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión e con arranxo ó procedemento regulado na Lei xeral tributaria e o Regulamento xeral de recadación. Expte. 11221/700.
- c) Interesar da Tesourería Municipal do Concello de Vigo, tralas comprobacións e informes que estime oportuno recadar, se inicie e desenvolva o procedemento administrativo de constrinximento mediante providencia dictada polo Tesoureiro municipal e notificada o obrigado tributario, que permita a xestión de cobramento das cantidades adebedadas á entidade concesionaria, segundo consta nas certificacións de descuberto polo importe total

de 18.852,69 €, en cumprimento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión e con arranxo ó procedemento regulado na Lei xeral tributaria e o Regulamento xeral de recadación. Expte. 11222/700.

**29(954).- SOLICITUDE DE ENCOMENDA DE XESTIÓN E TRAMITACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN E EXPLOTACIÓN DA TOTALIDADE DO SUBSOLO CUN APARCAMENTO NO ÁMBITO DE POLÍGONO 6 DO PERI DE BOUZAS. EXPTE. 7/403.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xerente municipal de Urbanismo, do 27.05.09, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno local de 7.04.08, adoptou o seguinte acordo: “(...) PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente o proxecto de compensación do polígono 6 do <PEPRI de Bouzas>. Tomar razón da documentación presentada pola Xunta de Compensación. Desesteimar a alegación presentada por don Anonio Nieto López <doc 80008795, data de presentación 6.02.08> (...) Dar de alta no inventario de bens do Patrimonio municipal do solo –carácter patrimonial- as parcelas S-2 polo exceso do aproveitamento real sobre o apropiable e o S-4C. Así mesmo, con carácter de ben de dominio público uso equipamento a parcela EQ1 e como espazo libre de dominio e uso público a parcela Plaza pública interior (...)”.*

*Don Daniel Vázquez Ferro, Presidente da Xunta de compensación do “polígono 6º do PEPRI de Bouzas” presentou escrito no que se solicitaba o seguinte: “(...) dar solución definitiva a la propuesta de aprovechamiento del subsuelo mancomunado de ámbito, de forma que esta pueda ser recogida en el Proyecto de Compensación y materialización en el correspondiente proyecto de compensación (...)”.*

*O enxeñeiro municipal xefe dos servizos técnicos informou ao respecto o 7.08.08, concluíndo o seguinte: “(...) A posibilidade de mancomunar todo o subsolo do polígono, público e privado, para a construción dun aparcamento baixo a rasante da praza, daría solución aos problemas de aparcamento do polígono, e ademais podería poñer no mercado algunhas prazas excedentes das que tan necesitada está a zona e Bouzas en xeral (...)”.*

*Por outra parte, a arquitecto municipal da oficina de Barrios histórico, informou o 29.08.08 o seguinte: “(...) El Plan Especial de Protección y Reforma Interior Casco Histórico de Bouzas <AD 30.09.2002> incluye en el Documento IV MEMORIA JUSTIFICATIVA, la Ficha de características del Area de Reparto, de suelo urbano no consolidado, del POLIGONO 6 que en el apartado de OBSERVACIONES realiza una previsión sobre la construcción de un aparcamiento en el subsuelo del espacio libre: OBSERVACIONES: De llegarse al oportuno acuerdo podrá ocuparse el espacio libre de uso público en régimen de concesión (...)”.*

*A proposta de incoación remitida á Concellería responsable en materia de Patrimonio, procuraba a execución das determinacións do PEPRI de Bouzas para o ámbito de desenvolvemento denominado “Polígono 6”. A conexión da proposta coa execución do polígono, fai necesario adoptar unha serie de medidas en relación coa decisión de incoación de expediente de construción do aparcamento subterráneo.*

*Na actualidade, a Xerencia municipal de urbanismo carece de atribucións específicas para a xestión e administración dos bens de dominio público (estatutos da Xerencia municipal de urbanismo aprobados polo Pleno do Concello de Vigo o 29.07.96). A conexión da proposta coa execución do polígono, fai necesario adoptar unha serie de medidas en relación coa decisión de incoación de expediente de construción do aparcamento subterráneo.*

*Actualmente no Concello de Vigo, se encontran repartidas entre as Áreas de Economía e Facenda (Resolución da Alcaldía de data 12.03.09, BOP 22.04.09, número 75), de Xestión Municipal e de Mobilidade, transporte e Consumo (Resolución de 5.07.07, BOP 18.12.07, núm 243) as atribucións referentes a incoación de expedientes de contratación e control da execución dos contratos referentes aos aparcadoiros públicos. Así mesmo, en virtude da modificación da LRBRL operada pola Lei 30/2007, de 30 de outubro, a atribución competencial para a aprobación do expediente e para a adxudicación do concurso que resulte da proposta presentada, é da Xunta de Goberno Local.*

*No artigo 15º da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, prevé a posibilidade de que nunha mesma Administración Pública, se poida encomendar actividades de carácter material, técnico ou de servizos. A Xerencia municipal de urbanismo, como órgano especializado na xestión urbanística dentro do Término municipal de Vigo, ten a estrutura suficiente como para recibir o encargo de xestión e tramitación do expediente de contratación da construción e explotación dun aparcamento soterrado no polígono VI do PEPRI de Bouzas.*

*Por todo elo, SOLICÍTASE á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, o seguinte:*

*1.-A encomenda á Xerencia de urbanismo da xestión e tramitación do expediente de contratación e control da execución da construción e explotación do aparcamento soterrado no ámbito do polígono VI do PEPRI de Bouzas.*

*2.- Proceder á publicación no BOP dos acordos e resolucións que se adopten e á notificación aos Concelleiros Delegados afectados.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **30(955).- SOLICITUDE AO MINISTERIO DE FOMENTO DE CESIÓN DE TRAMO DA A-55 AO SEU PASO POLO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 63/403.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xerente municipal de Urbanismo, do 18.06.09, que di o seguinte:

*O artigo 40.2 da Lei 25/1988, de 29 de Carreteras do Estado, establece o seguinte: "(...)Las carreteras estatales o tramos determinados de ellas se entregarán a los Ayuntamientos respectivos en el momento en que adquieran la condición de vías urbanas. El expediente se promoverá a instancia del Ayuntamiento o del Ministerio de Fomento, y será resuelto por el Consejo de Ministros. Excepcio-*



nalmente podrá resolverlo el titular del citado departamento cuando existiere acuerdo entre el órgano cedente y el cesionario (...)

O artigo 127 apartado 2 do que Real Decreto 1812/1994, de 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas dispón que "(...) a los efectos de este artículo, se considera que una carretera estatal o un tramo determinado de ella adquieren la condición de vía urbana si se cumplen las dos siguientes condiciones: a) Que el tráfico de la carretera sea mayoritariamente urbano. b) Que exista alternativa viaria que mantenga la continuidad de la Red de Carreteras del Estado, proporcionando un mejor nivel de servicio (...)".

A Orde do 23 de xullo de 2001 do Ministerio de Fomento, regula a entrega aos Concellos os tramos urbanos da Rede de Estradas do Estado.

Por concorrer o suposto legal de cesión, enténdese que a A-55 é susceptible de ser cedida á Administración municipal, tendo en conta o seguinte:

- Dende a Praza de España ata o entronque co "Río Lagares", o tronco está composto por catro carrís (2 por sentido).
- O resto, ata Puxeiros, solícítase a cesión da autovía cos elementos funcionais (pasos, vías de conexión etc...).
- Con respecto ao enlace de Puxeiros enténdese que precisa dunha reordenación da cesión por parte da Administración Estatal.

Así mesmo, tense que informar que recentemente esta Administración municipal, solicitou a transferencia do tramo da A-55 situado no P.K. 6 + 280.

Consonte o artigo 127 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local na súa relación coa disposición adicional 2ª da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, a competencia se exercerá pola Xunta de Goberno Local.

Por todo elo, previo establecemento das medidas oportunas de adaptación da vía ás condicións de uso urbano e sinatura do convenio que corresponda, ó abeiro do establecido no artigo 3º da Orde do 23 de xullo de 2001, solícítase o inicio do expediente para a transformación en vía urbana e cesión da titularidade da A-55 polo tramo que discorre polo Término municipal de Vigo.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local resolve de conformidade co precedente informe.

### **31(956).- CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE URBANÍSTICA DE CONSERVACIÓN "PERI UA-3 CASÁS"- SAN ANDRÉS DE COMESAÑA. EXPTE. 4707/401.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral do 16.06.09, conformado polo director da Oficina de Planeamento e Xestión, o director dos Servizos Técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

## I. ANTECEDENTES

I.1. O «PERI UA – 3 CASÁS», no Núcleo 07 03 CASÁS – D, en S. Andrés de Comesaña, é un ámbito de planeamento delimitado no PXOU-93, aprobado en sesión plenaria do 26.11.2001 (Exp. nº. 5195/411). Este acordo de aprobación definitiva foi publicado no BOP nº 19, do 11.02.2002 (incluídas as normas urbanísticas) e no DOG nº 40 do 25.02.2002.

I.2. O Consello da XMU, en sesión do 09.10.2003 aprobou definitivamente o proxecto de Estatutos e Bases de actuación para a constitución e funcionamento da Xunta de Compensación do polígono único do citado PERI.

I.3. A escritura pública de constitución da Xunta de Compensación foi outorgada o 18.12.2003 polas entidades “Construcciones Mopelo, S.A.” e “Arealoura, S.A.” e por D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Luisa Lorenzo González, perante o notario de Vigo Sr. Somoza Sánchez (nº 2987). Esta Xunta de Compensación foi inscrita no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras da CPTOPT, por Resolución do Director xeral de Urbanismo do 10.06.2004.

I.4. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 26.09.2005, acordou aprobar definitivamente o cambio de sistema, de compensación a concerto, e o proxecto de equidistribución promovido pola entidade mercantil “Arealoura, S.A.”, formalizado en escritura pública outorgada perante o notario de Vigo Sr. Rueda Pérez, co nº 1106 do seu protocolo (Exp. nº 4604/401). Polo tanto, o mantemento da entidade urbanística colaboradora perdera xa, nese momento, o seu obxecto.

I.5. O proxecto de urbanización do «PERI UA – 3 CASÁS» foi definitivamente aprobado en sesión ordinaria da XGL do 03.10.2005 (Exp. nº 4546/401), dispoñéndose no apartado quinto da parte dispositiva deste acordo, en congruencia co previsto antes no acordo aprobatorio do PERI, que no momento da recepción das obras de urbanización constituiríase unha entidade de conservación que asumiría o mantemento das novas zonas verdes e espazos libres do polígono.

I.6. O 02.10.2006, D. Clemente Pousa Pereira (DNI 34.963.592-G) presentou no Rexistro xeral da XMU, en representación da mercantil “Arealoura, S.A.”, un escrito (Doc. nº 60102258) no que comunicaba a disolución da Xunta de compensación do «PERI UA – 3 CASÁS», achegando escritura pública de disolución autorizada o 22.09.2006 polo notario de Vigo Sr. Somoza Sánchez, co nº 2.369 do seu protocolo; disolución que foi aprobada por acordo da XGL do 19.02.2007 (Exp. nº 4733/401).

I.7. Con esa mesma data, o interesado presentou tamén (Doc. nº 60102262) un escrito no que solicitaba que se aprobase a constitución da Entidade Urbanística de Conservación (EUC), se designase ó representante municipal e se remitise copia ó Rexistro de EUC para a súa inscrición.

Achegou, para estes efectos, copia da escritura pública de constitución da EUC de referencia, outorgada por D. Clemente Pousa Pereira, en representación de “Arealoura, S.A.”, única titular do 100% das parcelas do ámbito; escritura que foi autorizada o 22.09.2006 polo notario de Vigo Sr. Somoza Sánchez, co nº 2370 do seu protocolo.

I.8. En oficio de data 18.12.2006 dirixido a “Arealoura, S.A.”, o Técnico de Admón. Xeral da XMU informaba que non procedía nese momento a constitución da EUC mentres non se acordase a recepción da urbanización.

I.9. A Xunta de Goberno Local do 15.12.2008 acordou a recepción definitiva das obras de urbanización do «PERI UA – 3 CASÁS» (Exp. nº 4838/401).

I.10. O 02.06.2009, “Arealoura, S.A.” presenta un novo escrito no Rexistro xeral da XMU (Doc. nº 90082207) solicitando que, unha vez aprobada a recepción das obras de urbanización, se continúe coa tramitación da constitución da referida EUC.

## II. NORMATIVA EXAMINADA

- *TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).*
- *LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).*
- *LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).*
- *LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia).*
- *LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico da Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).*
- *RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).*
- *RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).*
- *RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.*
- *Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000).*
- *PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).*
- *PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008).*
- *Modelo de «Estatutos xerais de Entidade Urbanística de Conservación», aprobado polo Consello da XMU do 11.12.2003 (BOP nº 1, do 02.01.2004).*

## III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

### III.1. Natureza xurídica e finalidade das Entidades Urbanísticas de Conservación (EUC):

*As EUC son entidades de dereito público, de adscrición obrigatoria e personalidade e capacidade xurídica propias desde a súa inscrición no Rexistro de EUC, para o cumprimento dos seus fins, relacionados coa conservación da obra urbanizadora: zonas verdes públicas, mobiliario urbano, espazos libres privados sobre os que se constituía un dereito real de uso público a favor do Concello, etc.*

*Nestes supostos, a obriga de conservación da urbanización corresponderá á Xunta de Compensación ata a completa recepción da mesma por parte do Concello. Nese momento iniciaríase a obriga de conservación a cargo da EUC.*

*Os principios que rexen a estrutura e funcionamento destas asociacións «propter rem», creadas para garantir o mantemento e a conservación da urbanización, son os de publicidade do procedemento e toma de acordos e sistema democrático na adopción de decisións; decisións contra as que, de ser o caso, caberá formular recurso de alzada perante o órgano municipal competente.*

### III.2. Necesidade de constituír as EUC e adscrición obrigatoria dos propietarios do ámbito:

*O Art. 110.6 da LOUGA permite ó planeamento prever que a conservación da urbanización sexa a cargo dos propietarios dos soares resultantes; previsión xa recollida anteriormente no Art. 68 do RXU. Así, en efecto, esta*

obriga de conservación – suxeita ó prazo que o Plan fixe- ven hoxe imposta especificamente no Art. 2.3.5. do vixente PXOM, como antes tamén no PXOU-93 (Apdo. 3.2.3.5.b], in fine).

Ademáis desta determinación xeral do PXOM, no caso presente, a obrigatoria constitución dunha EUC resultaría tamén do propio «PERI UA – 3 CASÁS». Así, no apartado cuarto do acordo plenario do 26.11.2001, de aprobación definitiva do PERI, dispúxose xa que: «De conformidade cos artigos 25.3 e 68 Regulamento de xestión urbanística e o apartado 3.2.3.5.b), in fine, das normas urbanísticas do vixente PXOU de Vigo a conservación das zonas verdes de nova creación polo plan especial, corresponderá ós propietarios do polígono que deberán constituírse en entidade de conservación». Idéntica obriga aparece recollida nos instrumentos de execución do plan; en particular, no proxecto de urbanización aprobado definitivamente pola XGL o 03.10.2005 (Exp. nº 4546/401).

Por outra banda, tanto a normativa xeral de aplicación (Arts. 24-30 e 67-70 do RXU) como a propia xurisprudencia do TS consideran que para a constitución dunha EUC non é esixible o quorum requirido para as XC, que a mesma é obrigatoria e que non resulta necesaria a conformidade de todos os obrigados a formar parte da mesma (STS do 26.10.1998; RJ 7688). En efecto, dada a súa finalidade esencial, os propietarios non poden substraerse da participación na entidade de conservación, pois esta ven predeterminada pola propiedade de terreos no ámbito territorial da urbanización.

Neste mesmo sentido, o precitado Art. 5 do modelo de Estatutos xerais sinala expresamente que: «A pertencencia á entidade de conservación será preceptiva e ineludible para tódolos propietarios de inmobles incluídos no polígono de referencia, sen que resulte necesaria a súa participación no acto constitutivo».

As cotas de conservación que corresponda satisfacer ós seus membros serán obrigatorias e esixibles pola vía de constrinximento (Art. 110.6 pfo. 3º).

### III.3. Aplicación do modelo de Estatutos xerais para a constitución de EUC do Concello de Vigo:

O Art. 5 do modelo xeral de estatutos aprobado polo Consello da XMU en data 11.12.2003 (Exp. 4462/401; BOP nº 1, do 02.01.2004), establece a posibilidade de que os propietarios que representen máis do 70% das cotas de participación nun polígono insten a aplicación do modelo xeral de estatutos para a constitución da EUC.

Neste caso, trátase dunha actuación promovida finalmente por un único propietario e executada a través do sistema de concerto, que manifestou expresamente a súa aceptación do modelo municipal de Estatutos xerais de EUC.

### III.4. Competencia:

É competente para adoptar o acordo que agora se propón a Xunta de Goberno Local, de conformidade co preceptuado no Art. 127.1.d] da LRBRL.

## IV. PROPOSTA

Visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

### «ACORDO

**PRIMEIRO:** Aprobar a constitución da Entidade Urbanística de Conservación do «PERI UA – 3 CASÁS» (S. Andrés de Comesaña), formalizada en escritura pública outorgada por D. Clemente Pousa Pereira, en representación de “Arealoura, S.A.”, única titular do 100% das parcelas do ámbito, autorizada o 22.09.2006 polo notario de Vigo Sr. Somoza Sánchez, co nº 2370 do seu protocolo. Esta entidade colaboradora rexerese polo

modelo xeral de estatutos aprobado polo Consello da XMU en data 11.12.2003 (Exp. 4462/401; BOP nº 1, do 02.01.2004) e asumirá a conservación e o mantemento das zonas verdes e espazos libres públicos do ámbito.

**SEGUNDO:** Nomear como representante desta Administración municipal na Entidade ó Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda, D. José Manuel Mariño Mendoza.

**TERCEIRO:** Dar traslado deste acordo e de copia dilixenciada da escritura pública de constitución á Dirección xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia para a súa inscrición no Rexistro de Entidades Urbanísticas Colaboradoras.

**CUARTO:** Notificar o presente acordo ós interesados, coa indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo de un (1) mes ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, contados desde o día seguinte ó da súa notificación.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **32(957).- PROPOSTA DE ANULACIÓN DO ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL POLO QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A ORGANIZACIÓN DE ACTIVIDADES NUN ESPAZO DE LECER EDUCATIVO NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 2552/336.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 25.06.09, conformado pola concelleira delegada de Xuventude, que di o seguinte:

*Na Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 22 de maio de 2009, adoptouse o seguinte acordo, proposto no expediente 2477/336:*

- 1. Aprobar as bases reguladoras e convocatoria en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, para a organización regular de actividades nun espazo de lecer educativo na cidade de Vigo*
- 2. Autorizar, ó indicado fin, o gasto por un importe de 72.000 euros, dos que 36.000 € serán con cargo á partida 4520.489.00.01 e os outros 36.000 € con cargo á partida 4632.489.00.01 do vixente orzamento.*

*Segundo copias que se adxuntan a este informe proposta, previamente á aprobación do acordo proposto no expediente 2477/336, a retención de crédito fora anulada a petición do servizo, mediante un escrito de data 11/05/09 no que se desistía da tramitación do devantido expediente.*

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO

*“Anular o acordo aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 22 de maio de 2009 no que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades*

*sen ánimo de lucro, para a organización de actividades nun espazo de lecer educativo na cidade de Vigo e no que se autoriza o gasto por importe de 72.000 euros para tal fin”*

*Non obstante a xunta de Goberno Local adoitará o acorto que estime máis conveniente.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.